


MOSTRA

INTERNACIONAL
de TEATRO

18-25
xullo 2015

RIBADAVIA



VENDA DE ENTRADAS

NA SEDE DA MIT

Venda anticipada: de 10:00h a 14:00h e de 18:00h a 20:30h

Venda inmediata diaria: a partir das 21:00h

Información, sala de prensa e sede da MIT:

Rúa García Penedo, 3 (na entrada da Praza Maior)

Tel. 988 470 043

info@mitribadavia.com

PREZOS

Espectáculos para público adulto:

Xeral 7 €, reducida (persoas en situación de desemprego e estudantes) 5 €

Espectáculos con prezo especial (Inauguración: *Siena*, de La Veronal)

Xeral 10 €, reducida (persoas en situación de desemprego e estudantes) 8 €

INFORMACIÓN ESPECIAL

Entradas non numeradas do Castelo (bloques 4 e 5): prezo único 5 €

Espectáculos con prezo especial (*Siena*, de La Veronal) (bloques 4 e 5): prezo único 8 €

Espectáculos para público familiar (*MOBIL* e *Palabras de Caramelo*, na Casa da Cultura e *Rudo*, nos Xardíns da rúa San Lázaro): adultos 5 €, nenas e nenos 1 €

Espectáculos de rúa (Ruadavia) e Programa SputMIT: gratuítos

SERVIZO DE VENDA ELECTRÓNICA E TELEFÓNICA

entradas.ataquilla.com

Ata o día anterior de cada espectáculo.

A venda anticipada de entradas corresponderá sempre, como máximo, ao 80% do aforo de cada espectáculo. O 20% restante venderase no despacho de billetes o mesmo día da función.

NOTA: Para as entradas de prezo reducido é preciso presentar a documentación oficial acreditativa.



DIRECTORIO ESPAZOS MIT



- CASA DA CULTURA
- AUDITORIO DO CASTELO
- PEQUENO AUDITORIO
- CLUB ARTÍSTICO
- RUADAVIA/ PRAZA MAIOR
- OFICINAS E TAQUILLA MIT
- FORO MIT RIBADAVIA
- IGREXA DA MADALENA: EXPOSICIÓNS
- RUADAVIA: «LAMEDA»



ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

Conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

A xa longa tradición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia celebra unha nova edición coa súa proposta actualizada. A vila medieval, de inmenso atractivo como conxunto arquitectónico, mantén a súa vitalidade a través do seu compromiso coa cultura activa, que amosa novas fórmulas para converter nun valor de futuro o legado do que procedemos.

Desde a Consellería de Cultura e Educación apoiamos este magnífico certame, que condensa a expresión da arte dramática galega e pon de manifesto a súa evolución. A nosa gratitude ás compañías e artistas que toman parte nesta 31ª edición, e a nosa benvida especial para as que veñen do exterior, para participar neste acontecemento, que nos enche de satisfacción, e que lle ofrecemos gustosos ao público asistente.

Vaian os nosos parabéns, como parte do goberno galego, para a dirección e o equipo técnico que fixo realidade este novo encontro. A súa profesionalidade e o seu sentido artístico dannos un novo motivo de orgullo respecto da identidade dunha Galicia que constrúe un discurso propio, acolledor e ambicioso. A Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia fornécenos un importante chanzo máis no gran proxecto cultural no que estamos entregados.

MANUEL BALTAR

Presidente da Deputación
de Ourense

O día 18 de xullo bota a andar unha nova edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, o festival de referencia do teatro en Galicia e que converte, durante uns días, a Ribadavia na capital nacional das artes escénicas.

Son xa trinta e un anos de teatro dende que a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia botase a andar, trinta e un anos de éxitos, bo facer, e de aposta firme e decidida pola expresión artística que na mitoloxía clásica representaban Talía e Melpómene.

Dende a Deputación estamos colaborando con todas aquelas iniciativas que axudan a fomentar a cultura como forma de facer provincia e, nesta ocasión, o teatro será o gran protagonista que permitirá colocar a Ribadavia e a toda a provincia de Ourense, no epicentro da actividade cultural galega pois, parafraseando a Sir Laurence Olivier, nunha cidade ou pobo o teatro é signo visible de cultura. Xa para rematar quero convidar aos ourensáns a disfrutar desta nova edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia e tamén dar os parabéns a todo o grupo humano que fai posible este festival.

Longa vida á MIT de Ribadavia!

JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ

Alcalde de Ribadavia

Malia todos os recortes en cultura, malia todas aquelas portas que atopamos pechadas a cal e canto pola crenza (errónea) de que o investimento en cultura é superfluo e improdutivo, malia que se segue a manter o inxusto gravame do 21% do IVE á cultura, malia todos os paus na roda que nos atopamos ao longo destes últimos anos para seguir traballando a prol da cultura e das artes escénicas en Ribadavia, aínda así, dende o Concello de Ribadavia, nunca deixaremos que a cultura pase de ser un ben de interese público protexido para pasar a considerala un artigo de luxo.

Ribadavia segue a ser o faro que alumea con forza dende Galicia, e por iso dende este novo goberno municipal, propuxémonos potenciar o gran traballo feito polas anteriores corporacións a prol da nosa cultura e do teatro en Galicia, queremos que se nos recoñeza o traballo feito a prol das artes escénicas, e por iso, tentamos aglutinar esforzos, sumar propostas, facer partícipes a todas as administracións públicas para facer da MIT de Ribadavia un exemplo de colaboración, participación, cooperación e coordinación de traballo en conxunto para sacar adiante o maior e mellor espectáculo das artes escénicas que se fai en Ribadavia para todos e todas as galegas.

Dende o Concello de Ribadavia entendemos que a cultura é patrimonio cidadán, un dereito inalienable, e tamén entendemos que é obriga das administracións a promoción e potenciación das nosas raíces, daquilo que nos une e nos fai máis fortes como sociedade e como persoas.


Non hai milagres, non dispoñemos de variñas máxicas, soamente tentamos atopar a máxima excelencia dentro das nosas humildes posibilidades, traballando con tesón e apostando por unha cultura accesible, pública e crítica para toda a cidadanía. Cremos que é de vital importancia a túa participación e o teu compromiso co noso proxecto cultural e social, representado na MIT de Ribadavia. Dende esta Alcaldía cremos nun proxecto aglutinador, onde a súa pedra angular sexa a unión e

a forza de todos os que amamos e traballamos en favor da MIT.

Agradezo que o teu compromiso e a túa forza lle dean o pulo necesario a Ribadavia para ser recoñecida por todas e todos como a capitalidade das artes escénicas en Galicia.

Gozade destes días de arte e cultura no berce do teatro en Galicia. Gozade de Ribadavia con todos os sentidos. Agardámosvos.

Saúde e forza á MIT.



MARÍA LÓPEZ

Concelleira de Cultura

E xa van 31, a MIT é maior ca min; certo é que non a vin nacer, pero aínda recordo cando de ben pequena asistín por primeira vez a unha función. Ía da man de meu avó e aquilo semellaba inmenso. Focos, música, cores, actores, aplausos... E aquela inesquecible sensación de axitación e ansia.

Como cambiou o conto, como as novas tecnoloxías se apoderan, día a día, das nosas vidas, impoñendo un ritmo frenético. Pero hai cousas que co teatro fican sempre, co paso do tempo, porque cando me sento nesas filas, a esperar que comece o espectáculo, aínda teño esas mesmas sensacións. Agora son concelleira de cultura e é para min una honra poder seguir co legado de Rubén García, porque a MIT crece, pero non podemos esquecer de como naceu e dos que lle deron vida. Debemos apostar e apostaremos por levar a nosa MIT aos máis altos niveis, sen perder esa esencia que lle concede o carácter especial que ten.

Grazas a todos os que traballan e fan posible a MIT e ao noso público, sempre incondicional. Sen máis, que comece a función.

ROBERTO PASCUAL

Director da MIT

Neste verán de 2015, podemos de novo sentirnos todas e todos convocados a unha sempre renovada Mostra que, na súa dimensión global e universal quere seguir defendendo a súa postura radical, é dicir, a súa conexión coa raíz, coa súa identidade, co seu contexto, co presente, coa mirada (auto)crítica, coa necesidade do discurso propio, coa oportunidade de evidenciar que o público é capital, sostible, participativo e comprometido coa accesibilidade en todos os seus sentidos. Sentimos que debemos desenvolver todas as potencialidades dun festival que crece sen perder a necesaria dimensión popular, pois cremos que a cultura só ten sentido nos terreos de fertilidade da creación (non da produción industrial), do intercambio (non mercado), da rexeneración constante (sen gurús nin tutelas, pero si con ferramentas para amar o descoñecido), do respecto pola diversidade e a predisposición para emprender novos camiños. Novos vieiros cun bo mapa para non nos perder por sendeiros quizais xa coñecidos e transitados, ou non, pero que dende logo a nosa íntima relación con eles e a nosa mirada concreta farán novos e frescos.

Neste sentido, fanse máis necesarias as lembranzas e o maxisterio do teatro comprometido de Erwin Piscator (1893-1966) cando nos di: “A íntima relación co seu tempo, primeira premisa e último fin do teatro, determina un proceso constante de transformación dos seus materiais e do seu contido ideolóxico, para que, deste xeito o teatro non sexa meramente expresión do seu tempo, senón en situacións decisivas, tamén o seu motor e moldeador.”

A MIT 2015 preséntase entre o verdor e entre o exotismo dun *vivarium* (que tamén dá nome a unha das compañías que constrúen o programa desta edición e que nos presenta, dende a

ironía, o xogo da vida utópica dunha comunidade artística). Neste intre social e político decisivo, de cambios e crises, a MIT quere poñer sobre a mesa da sociedade as oportunidades. Oportunidades para o sector artístico acompañar á sociedade nunha revisión dos conceptos de creación e difusión, para combatermos prexuízos, opinións desfavorables con respecto aos necesarios investimentos e ás axudas na investigación, formación e creación artística; oportunidades para rearmarnos na defensa da autonomía dos centros de creación, oportunidades para explorar, aínda que a floresta semelle unha selva ameazante, en todo aquilo que o teatro nos dá ou nos pode dar. Pero para iso hai que mollerse, pois quen non se lle molla non colle peixe. E a dramaturxia actual, piar fundamental e este ano especial da MIT, móllase en cada unha das súas escollas. Faino na mestura, na maneira novidosa de contar ou, mellor dito, de despregar ante nós a súa maquinaria e a súa estrutura performática, esa coa que nos segue a enfeitizar, con novos ou eternos temas, mais coa perspectiva, coa poesía e os dardos afiados.

Os foros, os encontros, Ruadavia, o estímulo ás novas compañías, as estreas, a escena a vaporar as convencións e as expectativas, o goce da acollida, a sorpresa do que acontece e se reproduce nunha vila por vontade popular e non dunha elite lumpenburguesa (tomando o termo do dramaturgo Daniel Cortezón), a fortaleza dun equipo de xente xenerosa que sente todo o que fai recibindo e atendendo a miles de visitantes; isto todo pode ser a MIT. A MIT que nos fai máis libres, menos dependentes e máis visibles como comunidade e como país.

Porque hai moito que cuestionar, moito que vivir e moito que explorar, adéntrate na floresta á que a MIT te convida.

PROGRAMA 31 MIT

VENRES DÍA 17 (PRE-MIT)

Teatro do Vilar /// **O florido pénsil** /// Auditorio do Castelo /// 23:00h /// Apoio da MIT ao teatro afeccionado de Ribadavia. **Off MIT**.

SÁBADO DÍA 18

Inauguración oficial da MIT 2015. Entrega do Premio de Honra “Roberto Vidal Bolaño” ao mérito nas artes escénicas /// 20.00h /// Alameda de Ribadavia.

Tutatis /// **Osos del Pirineo** /// Catalunya /// 20:30h /// Ruadavia: Praza Maior.

Inauguración da exposición “Barriga Verde, de feira en feira” /// 21:00h /// Igrexa da Madalena.

La Veronal /// **Siena** /// Catalunya /// 23:00h /// Auditorio do Castelo.

Chévere /// **As fillas bravas** /// 01:00h /// Club Artístico.

DOMINGO DÍA 19

Tutatis /// **Caballos de Menorca** /// Catalunya /// 20:30h /// Ruadavia: Praza Maior.

Teatro del Barrio /// **Ruz-Bárcenas** /// Madrid /// 23:00h /// Auditorio do Castelo.

Foro MIT Ribadavia: coloquio coa compañía /// 1:00h /// Patio interior da Oficina de Turismo.

LUNS DÍA 20

Foro MIT Ribadavia: encontro co sector profesional das artes escénicas de Galicia /// 19:00h /// Patio interior da Oficina de Turismo.

Velaivai /// **O paleiro** /// Galiza /// 20:00h /// Sampaio. SputMIT. (Programa L – Apoio ás novas compañías).

Nanterre-Amandiers – Centre Dramatique National /// **Swamp Club** /// Francia, Austria, Alemaña, Bélxica e Suíza /// 23:00h /// Auditorio do Castelo.

MARTES DÍA 21

Cia. Manolo Alcántara /// **Rudo** /// Catalunya /// 19:00h e 21:00h /// Ruadavia: Xardíns da rúa San Lázaro.

A Panadaría /// **PAN! PAN!** /// Galiza /// 20:00h /// Francelos (Fontiña Mariña). SputMIT. (Programa L – Apoio ás novas compañías).

Frida Kahlo Production, Richard Jordan Productions Ltd e Produzioni Fuorivia /// **La Merda** /// Italia /// 23:00h /// Auditorio do Castelo.

Foro MIT Ribadavia: coloquio coa compañía /// 01:00h /// Patio interior da Oficina de Turismo.

MÉRCORES DÍA 22

Resolución do 10º Premio Abrente de Textos Teatrais. Lectura dramatizada /// Dramaturxias en residencia /// 19:00h /// Salón de actos do Concello de Ribadavia.

Títeres María Parrato /// **Palabras de caramelo** /// Castela e León /// 20:00h /// Casa da Cultura.

Viravolta /// **Peer Gynt** /// Galiza /// 21:00h /// San Cristovo. SputMIT.

Teatro do Atlántico /// **O principio de Arquímedes** /// Galiza /// 23:00h /// Auditorio do Castelo.

XOVES DÍA 23

La Güasa /// **MOBIL** /// Andalucía /// 20:00h /// Casa da Cultura.

Foro MIT Ribadavia: encontro con Chévere e presentación do proxecto Berberecheira /// 21:30h /// Patio interior da Oficina de Turismo.

Sr. Serrano /// **A house in Asia** /// Catalunya /// 23:00h /// Auditorio do Castelo.

VENRES DÍA 24

Inversa Teatro /// **Té con Kant** /// Galiza /// 20:00h /// Rectoral de Santo André. SputMIT. (Programa L – Apoio ás novas compañías).

La Re-sentida /// **La imaginación del futuro** /// Chile /// 23:00h /// Auditorio do Castelo.

Colectivo Radar 360º /// **O baile dos candeeiros** /// Portugal /// 01:00h /// Ruadavia: Praza Maior.

SÁBADO DÍA 25

La Trastienda /// **Como si pasara un tren** /// Madrid-Arxentina /// 20:00h /// Club Artístico.

II Maquinario /// **Perplexo** /// Galiza /// 23:00h /// Auditorio do Castelo.

La Trastienda /// **Como si pasara un tren** /// Madrid-Arxentina /// 01:00h /// Club Artístico.



Sábado 18 de xullo /// 20:30h /// Ruadavia: Praza Maior

OSOS DEL PIRINEO

Tutatis /// Catalunya ///

Título espectáculo: Osos del Pirineo

Nome compañía: Tutatis Producciones Teatrales S.L.

Autoría e dirección: Lluís Rovira

Son / música: Beto Bedoya

Indumentaria-caracterización: Ramón de los Heros

Público recomendado: todos os públicos

Tipo de espectáculo: títeres xigantes

Duración: 50 minutos

Web: www.tutatis.es

O espectáculo, coma a festa na que se inspira, comeza co despertar despois do inverno (o renacer despois da morte) e coa identificación do urso como un ser maligno para as sociedades pirenaicas do pasado. Centrémonos, especialmente, na persecución que os ursos (títeres xigantes) fan de todo aquel que se pon por diante. A nosa visión da celebración tradicional pretende, coma sempre, ser estilizada, persoal e contemporánea. O espectáculo combina actores manipuladores de marionetas xigantes cun carro e un percusionista que traballa a banda sonora acorde coas melodías tradicionais da montaña pirenaica.

Mención especial no Festival FETÉN de Xixón.



Domingo 19 de xullo /// 20:30h /// Ruadavia: Praza Maior

CABALLOS DE MENORCA

Tutatis /// Catalunya ///

Título espectáculo: Caballos de Menorca

Nome compañía: Tutatis Producciones Teatrales S.A.

Autoría e dirección: Lluís Rovira

Diseño espazo escénico: Ramon de Los Heros

Son / música: Beto Bedoya

Indumentaria-caracterización: Lluís Rovira

Público recomendado: todos os públicos

Tipo de espectáculo: títeres xigantes

Duración: 50 minutos

Web: www.tutatis.es

Unha vision persoal da celebración menorquina que recrea a animalidade primitiva do cabalo e que recupera o peso da tradición nunha representación contemporánea. Un espectáculo de rúa único e orixinal que non nos deixará indiferente.

Espectáculo premiado no Festival de Koblenz (Alemaña) e no Carnaval d'Aalborg (Dinamarca).



Sábado 18 de xullo /// 23.00h /// Auditorio do Castelo

SIENA

La Veronal /// Catalunya ///

Na sala dun museo hai unha muller sentada que observa un cadro. Preto da porta hai un home de pé observando a escena. Este é o punto de partida do novo proxecto de La Veronal, que se despraza ata a cidade italiana de Siena para iniciar unha reflexión sobre a idea do corpo humano. Este representa e representou o pasar dos séculos e a arte comprometeuse coa materia humana de tantas formas como creu conveniente, ao mesmo tempo que os artistas se aproveitaron do corpo como contedor e proxector de significantes.

A peza somérxese nunha aproximación á historia da arte italiana, nun percorrido que se inicia no Renacemento, momento no que o ser humano retoma a consciencia de si mesmo, e chega ata o mundo contemporáneo.

Siena pérdese neste camiño para levarnos a un espazo atemporal e estraño nun xogo de écfra-se, a representación verbal dunha representación visual real ou ficticia. Alí mestúranse o corpo representado e o corpo real, o corpo morto e o corpo vivo, obrigando a pararnos un intre para descifrar cada un deles. Un espazo onde se mesturan memoria e imaxinación e o corpo como



Título espectáculo: Siena

Nome compañía: La Veronal

Dirección: Marcos Morau

Coreografía: Marcos Morau en colaboración cos intérpretes

Texto e Dramaturxia: Pablo Gisbert – El Conde de Torrefiel e Roberto Fratini

Asistente de dirección: Tanya Beyeler

Intérpretes: Tanya Beyeler, Laia Duran, Cristina Goñi, Anna Hierro, Ariadna Montfort, Lorena Nogal, Lautaro Reyes, Manuel Rodríguez, Marina Rodríguez y Sau-Ching Wong

Profesora: Cristina Facco

Espazo escénico e deseño de iluminación: La Veronal & Enric Planas

Fotografía: Jesús Robisco, Edu Pérez e Quevieneelcoco

Vestuario: Octavia Malette

Voz en off: Victoria Macarte e Benjamin Nathan Serio

Tradución: Laura Cosme

Producción executiva: Juan Manuel Gil Galindo

obxecto, o seu aspecto, a súa fragilidade, a súa mortalidade e a contraposición do corpo como individuo fronte á masa.

Siena é a necesidade constante e absoluta do ser humano de contemplar ao propio ser humano. Observar, recoñecer as súas formas, as súas accións, a súa presenza porque, despois de todo, *Siena* é a vontade de querer observalo eternamente ata confundilo.

Este novo traballo segue apoiándose en referentes doutras disciplinas artísticas coma o cine e a literatura. Neste sentido, a obra de Pasolini “tan vinculada ao humano” será tamén inspiración para construír un ensaio perturbador sobre a centralidade do corpo en escena, algo ao que tamén contribuirá o verbo de El Conde de Torrefiel, habitual colaborador de La Veronal.

Siena é unha coprodución de La Veronal, Mercat de les Flors (Barcelona) e Hellerau Centro Europeo para as Artes (Dresde, Alemaña).

En colaboración con: El Graner Fàbrica de Creació, La Caldera, Centro de Artes Performativas do Algarve (Faro, Portugal), Duncan Dance Centre (Atenas, Grecia), Dance Ireland (Dublin, Irlanda).

Co apoio de INAEM – Ministerio de Educación, Cultura y Deporte de España e ICEC – Generalitat de Catalunya.

Siena foi votado como o “Mellor espectáculo do ano 2013” nos Premios Butaca de Cataluña polos espectadores.

La Veronal é Premio Nacional de Danza.

Creado no marco do proxecto europeo Modul-Dance, co soporte do Programa Cultura da Unión Europea.

LA VERONAL

Por Roberto Fratini

4 puntos nos que **Roberto Fratini** nos fala do estilo de La Veronal, dos seus temas, das paisaxes ao espertar dun soño, das colisións, da adaptación aos sitios específicos, da dimensión plástica das coreografías de Marcos Morau, etc. Roberto Fratini Serafide (Milán, 1972) é profesor de Teoría da Danza na Universidade de Pisa e no Institut del Teatre de Barcelona, e de Metodoloxía Crítica na Universidade de L'Aquila.

1) Existe, si, algo así como un “estilo Veronal”, se por estilo se entende unha certa maneira, unha certa textura, incluso unha certa temperatura de organización dos signos (e non me refiro unicamente aos signos coreográficos). Creo que o que mellor define esta temperatura específica é o clima frío ou o ambiente extremo de moitos dos países que foron títulos de traballos nos últimos anos. Non porque o estilo de Marcos sexa frío: senón porque a elegancia específica de La Veronal é apuntar sempre a un certo nivel de cristalización, a unha certa capacidade de todos os signos (corpóreos, musicais, plásticos) de observarse entre si como na lucidez un pouco atónita de certas paisaxes invernaís; e porque a relación específica que o conxunto dos signos entretece co significado, nesa paisaxe, está baseada nunha

especie de suspense, de intriga labiríntica (o mesmísimo signo coreográfico de Marcos esriba moito nunha especie de labirintificación dos segmentos corpóreos e dos contactos entre corpos). Ver as pezas é coma uliscar sendeiros escondidos baixo capas de nevadas.

2) Non cremos moito na interdisciplinaridade: cremos na colisión, ou na colusión dos signos. Non é que os diferentes plans de inmanencia das pezas (imaxes, movementos, sons, palabras etc.) dialoguen: é que máis ben aparecen, por un estraño protocolo de analoxía, dentro dun mesmo delirio. Neste aspecto, non hai “relación” (se a relación é algo que se entabla), senón analoxía entre diferentes familias de signos. Para entenderse, é un pouco como cando cousas moi diferentes conflúen dentro do mesmo soño. Poden parecer disparates incompatibles, malia que a verdade é que todas desenvolven un rol infaliblemente sintomático dentro da super-coherencia do conxunto de desexos, pulsións ou obsesións que construíu o soño. O seu significado queda precisamente somerxido baixo o falso candor da coincidencia de signos que foi fiando. Tomas unha sobredose de veronal, dormes o soño un pouco perigoso do que tomou demasiados tranquilizantes, e neste soño do que non sabes se espertarás algo fundamental de ti, dáchese a coñecer por chiscadelas paradoxais, contigüidades raras de obxectos incompatibles, etc.

3) De novo, as cidades que aparecen nos títulos de La Veronal (Siena non é unha excepción) non son as cidades que asociamos aos seus nomes: son sons que definen, máis que lugares, “contornos simbólicos” e “continentes” de algo: o que ateiga estas cidades remata sendo a familia de signos, de lapsos, de “vicios” dun espectáculo. É coma se se tivesen aglutinado arredor dun centro moi aberto, moi difuminado. Este centro acostuma ser un nome de lugar: hai que recordar que o nome, raíz de todo mito, é en orixe o berro que irrompe na angustia dun mundo incomprensible. Poñerlle

nomes ao mundo protéxenos do susto de non entendelo ou de que o mundo sexa perigoso. Poñerlle un nome ás cousas, converte o acontecer nun obrar. Con La Veronal as cousas non son distintas: dis “Siena” e desencadeas unha serie de asociacións moi libres (neste caso pintura, arte, corpo, ver, tocar, etc.) - moi míticas, xustamente, fillas máis dos mitoloxemas colectivos inherentes aos lugares que a unha experiencia real deles - que todas converxen e cristalizan arredor do nome que as desencadeou. Acostumamos pensar os lugares como aquilo que está quieto mentres nos movemos. Con La Veronal é un pouco distinto: lugares e continentes (que son ante todo “nomes de lugar”) - coma en Proust - van suxeitos a unha especie de deriva constante. Son todos eles, metaforicamente, labirintos (porque o labirinto é o único lugar que, ao percorrelo, dá a sensación de estar movéndose, de desprazarse malignamente, de reconfigurarse arredor de nós). Dentro destas contornas (hostís a priori, porque é nelles, por eles e a través deles que se pretende cazar un sentido) os signos están intentando todo o tempo “adaptarse” ou amoldarse a un contexto moi fluído e bastante insidioso (volvo ao labirinto: é onde, tipicamente, podes encontrarte no mesmo sitio crendo que é distinto - porque chegaches dende outro lado-, ou crerte no mesmo sitio, cando é distinto. Nas pezas de La Veronal os signos obedecen a un formato de “redundancia enganosa” moi parecido). Adaptarse significa que, nun lugar que xesticula, que cambia todo o tempo, que actúa coma un corpo, o corpo terá que actuar coma un lugar: terá que sobrevivir ao labirinto sendo labirinto. A coreografía de La Veronal é sempre unha “topoloxía”.

4) Sen dúbida Marcos ten moito talento para lle sonsacar a diferentes circunstancias todo o potencial plástico, dinámico e visual que posúen. Aínda que o que destacaría é a súa capacidade para elaborar texturas da linguaxe moi diferentes segundo a “contorna humana”



na que se crea a peza. Téndoo visto traballar e tendo xa traballado con el con diferentes compañías, sei a qué cambios vai suxeito o clima da linguaxe (e por ende a poética do espectáculo resultante) segundo que unha peza se cree para unha compañía da Europa do Norte, para a Compañía Nacional de Danza ou para o elenco tradicional de La Veronal. O que cambia non é o estilo coreográfico ou o conxunto de recursos técnicos. Tampouco hai específicas “adaptacións” ao nivel dos intérpretes (simplemente porque ese nivel adoita ser moi alto). O que cambia é máis ben a escoita dun certo tipo de vibración que todo conxunto de intérpretes (parque, bosque... outro lugar) tende a emitir dende o escenario, e a capacidade de deducir desta vibración performativa colectiva unha cor moi diferente para cada espectáculo.



Sábado 18 de xullo /// 01.00h /// Club Artístico

AS FILLAS BRAVAS

Chévere /// Galiza ///



Título espectáculo: As Fillas Bravas

Nome compañía: Chévere

Escrita: Manuel Cortés

Dramaturxia e dirección: Xron

Intérpretes: Patricia de Lorenzo, Mónica García, Arantza Villar

Adestramento musical: Inés Portela

Indumentaria-caracterización: Fanny Bello

Público recomendado: a partir de 12 anos

Tipo de espectáculo: musical de adultos

Duración: 50 minutos

Web: www.redenasa.tv

As Fillas Bravas son tres mulleres que tocan e cantan o que lles peta como antes fixeron as súas nais e as nais das súas nais, porque todas son fillas do vento, mulleres de andar a pé de toxo, orgullosas de vir de tras da silveira, cantoras dunha estirpe de voces furtivas que berran entre raposos.

Con esta peza **Chévere** segue a explorar as posibilidades dun teatro con perspectiva de xénero, dando continuidade a traballos que cuestionaron a rixidez dos xéneros (**Testosterona**), que reivindicaron as voces silenciadas dunha forza de traballo feminina que segue levantando imperios económicos na era da globalización (**Citizen**), que promoveron unha lectura crítica dos valores machistas que transmiten as cancións románticas (**I'll be watching you**). Nesa liña de traballo, **As Fillas Bravas** veñen para reafirmar modelos empoderados de muller, vencellados a expresións culturais tradicionais que agochan berros emancipatorios e cantos de rebeldía insospeitados.

As músicas usadas no espectáculo están inspiradas en cantos tradicionais recollidos en diferentes lugares de Galicia. As letras das coplas foron recollidas maiormente de cancioneros populares publicados no século XX.

Chévere recibiu en 2014 o Premio Nacional de Teatro.

AUTOR
JORDI
CASANOVAS
DIRECCIÓN
ALBERTO
SAN JUAN



Domingo 19 de xullo /// 23:00h /// Auditorio do Castelo

RUZ-BÁRCENAS

Teatro del Barrio /// Madrid ///



Título espectáculo: Ruz-Bárcenas

Nome compañía: Teatro del Barrio, en coproducción co Teatre Lliure

Autoría: Jordi Casonovas

Dirección: Alberto San Juan

Intérpretes: Pedro Casablanc e Manolo Sólo

Deseño espazo escénico: Teatro del Barrio

Iluminación: Raúl Baena

Son / música: Teatro del Barrio

Indumentaria-caracterización: Teatro del Barrio

Público recomendado: todos

Tipo de espectáculo: drama

Duración: 75 minutos

Web: www.teatrodelbarrio.com

15 de xullo de 2013. Hoxe, Bárcenas e Ruz encóntranse de novo. Nervios e expectativas na Audiencia Nacional. Luis Bárcenas ingresou en Soto del Real hai tres semanas por orde do xuíz Pablo Ruz. Bárcenas prestará declaración para desmentir o que afirmou en anteriores declaracións. Ruz convertirase en branco de todas as miradas. O que se diga hoxe nesta sala da Audiencia Nacional podería facer tambalear a todo un partido e a todo un goberno. Ou non.

Este texto é unha dramaturxia a partir da transcripción da declaración que Luis Bárcenas prestou ante o xuíz Pablo Ruz o día 15 de xullo de 2013 na Audiencia Nacional. Non engadiu ningunha información que non estea contida na transcripción. Soamente se modificaron, recortaron ou reestruturaron algúns fragmentos. Todas e cada unha das palabras e dos nomes que se din e se poden escoitar neste espectáculo, dixerónse e puidéronse escoitar o 15 de xullo de 2013 na Audiencia Nacional.

En outono deste ano estrearase a versión cinematográfica desta obra, dirixida por David Illundain e cos mesmos actores, logo dunha exitosa campaña de micromecenado.

Ao remate da función haberá un debate, moderado polo xornalista Xosé Manuel Pereiro e no que intervirán os actores e o director de Chéreve (compañía galega que mantén alianzas co madrileño Teatro del Barrio) Xesús Ron, no que se abordarán diversos temas como a corrupción, o novo teatro documento, a liberdade de expresión, etc.



Luns 20 de xullo /// 20.00h /// Sampaio. SputMIT

O PALLEIRO

Velaivai /// Galiza ///



Título espectáculo: O Palleiro

Nome da compañía: Velaivai

Autoría: Alba Grande

Dirección: Gena Baamonde

Intérpretes: Alba Grande

Música en directo: Guillermo Rivera

Deseño espazo escénico e iluminación: Velaivai

Son / música: Álex Álvarez e Guillermo Rivera

Indumentaria-caracterización: Velaivai

Público recomendado: Tódolos públicos

Tipo de espectáculo: Teatro para todos os públicos

Duración: 75 min

Os xogos da nenez, os medos, os faceres diarios da vida no rural achégannos a unha muller que camiña entre os lazos que a unen coas xeracións devanceiras. Tránsitos de vida, cambios, despedidas van deixando o seu rastro nunha experiencia vital que parece moverse nunha continua viaxe de ida e volta.

Estrea do espectáculo, logo da Residencia Artística da compañía no Museo Galego da Marioneta (Prado-Lalín)



Luns 20 de xullo /// 23:00h /// Auditorio do Castelo

SWAMP CLUB

Philippe Quesne, Nanterre-Amandiers - Centre Dramatique National /// Francia ///

Swamp club é un conto urbano fantástico: un centro de arte recibe a artistas de varios países en residencia, no centro dun lamazal poboado de criaturas e doutros lumes entolecidos. Este lugar de meditación e de creación vive en paz, aillado da velocidade do mundo, ata o día en que o seu director coñece que o centro está ameazado por un proxecto urbano que o condenaría á destrución. Nunha escenografía á vez fantástica e realista, onde o universo do bestiario bordea o da política, a pequena comunidade utópica de artistas organiza a súa propia defensa. Unha resistencia levada polos arranques líricos dun cuarteto de corda e pola pluralidade das linguaxes convocadas sobre a escena, engurrando a superficie inerte dun estanque incerto.

Un parque de atraccións improvisado nunha paisaxe nevada deserta, exploradores nunha xungla que recrean o Big Bang, ou un xogo dun mozo de trinta anos no seu apartamento cun coche de xoguete que debuxa círculos cunha bengala. Imaxes fantásticas e sinxelas coma estas provocaron que Philippe Quesne, artista plástico e escenógrafo, fose conseguindo a reputación de ser un gran



mago do teatro, na tradición de Robert Lepage - coa diferenza de que a maxia de Quesne créase con medios sinxelos. Obras de teatro, coma “L’effet de Serge”, “La Melancholie de los Dragones” ou “Big Bang”, que se moven entre a comedia e o humor subtil fóra das convencións, consolidaron a este director francés como un dos invitados máis prestixiados da nova escena actual nos festivais de teatro europeos. Para celebrar o décimo aniversario da súa compañía Vivarium Studio - o consorcio de actores, bailaríns, músicos e do seu can Hermès, Quesne, unha vez máis, atrapa aos seus artistas políglotas, que nos falan dunha cultura bastante inútil nun centro ou residencia de artistas atrapa-da na selva virxe.

Título espectáculo: Swamp Club

Nome da compañía: Nanterre-Amandiers – Centre Dramatique National

Produción do espectáculo: Vivarium Studio (Francia)

Coprodución : Wiener Festwochen (Austria), Théâtre de Gennevilliers - Centre Dramatique National de Création Contemporaine (Francia), Festival d’Automne à Paris (Francia), Foreign Affairs - Berliner Festspiele (Alemaña), Festival d’Avignon (Francia), La Ménagerie de Verre (Francia), Le Forum / Scène conventionnée de Blanc-Mesnil (Francia), Kaaitheater (Bélxica), La Filature Scène nationale de Mulhouse (Francia), Internationales Sommerfestival - Hambourg (Alemaña), Festival Theaterformen Hanovre / Braunschweig (Alemaña), La Bâtie - Festival de Genève (Suíza)

Co apoio de: Centre chorégraphique national de Montpellier Languedoc Roussillon (France) e de EMPAC – Rensselaer Polytechnic Institute, e the Jaffe Fund for Experimental Media and the Performing Arts (EEUU).

Concepción, posta en escena e escenografía: Philippe Quesne

Intérpretes: Isabelle Angotti, Snæbjörn Brynjarsson, Yvan Clédat, Cyril Gomez-Mathieu, Ola Maciejewska, Émilien Tessier, Gaëtan Vourc’h e un cuarteto de corda

Colaboracións artísticas e técnicas: Yvan Clédat, Cyril Gomez-Mathieu

Foto: Martin Argyroglo

Construción da escenografía: Nicolas Amar, Timothy Larcher, Nicolas Loridan, Fabrice Parizy

Rexedor de luz e son: Thomas Laigle

Rexedor técnico: Marc Cheillon

Indumentaria-caracterización: Corine Petitpierre

Público recomendado: maiores de 16 anos

Tipo de espectáculo: teatro

Duración: 1h 30 min

Web: www.nanterre-amandiers.com/tournees

TEATRO VIVARIUM PARA ALTERAR A PERCEPCIÓN

Por Afonso Becerra de Becerreá, profesor da ESAD de Galicia,
dramaturgo e crítico teatral

Philippe Quesne e a súa compañía Vivarium Studio, fundada en París en 2003, resalta, desde o meu punto de vista, polo risco nas súas apostas escénicas, de gran plasticidade escenográfica, e pola capacidade de xerar atmosferas inmersivas. Penso que o teatro ten que entreter, pero, evidentemente, hai moitos xeitos de facelo. Se se me permite dicilo, para min o entretemento tamén mo procura tomar uns bos viños coas amizades, por iso ao teatro pídolle algo máis, pídolle que me sorprenda, que me saque dos hábitos de recepción aos que o espectáculo da vida cotiá nos ten acostumadas/os, que me sitúe noutro lugar de percepción máis aló daquel ao que nos adestra a televisión. Ao teatro pídolle entretemento, pensamento, emoción... pero todo isto tamén mo ofrecen uns bos viños en compañía dunhas boas amizades, así que, por tanto, considero que lle debo pedir algo máis. Unha lupa, un microscopio para enxergar aquilo que a simple vista non se ve.

Vivarium Studio, como o seu propio nome indica, vén a ser unha especie de laboratorio no que a arte do teatro se pon ao servizo da observación demorada e sorprendente de comportamentos e actitudes humanas nos seus detalles. En *Swamp Club* imos asistir á contemplación dunha paisaxe humana ficada nun “terrario” e para iso só temos que relaxarnos e atender ao

que se move no palco, igual que cando observamos unha peixeira e ficamos atrapados, hipnotizados, polo movemento dos peixes, pola maneira de trasladarse, de xirar, de agocharse, de comer... Se concentramos a nosa atención comezaremos a descubrir aspectos fascinantes e acabaremos, case, coa sensación de termos entrado noutra dimensión da vida, como nun soño. E iso sen necesidade de consumir substancias psicoactivas.

Cando vin *Swamp Club*, hai uns anos, no Festival d’Avignon, a min pasoume todo isto e moito máis. Nunca asistira a unha experiencia artística similar! Así si que dá gusto ir ao teatro!

A continuación, por se vos interesa, déixovos o que escribín naquel momento, despois de ver ese espectáculo:

O dispositivo escenográfico de SWAMP CLUB é un espectáculo en si mesmo: unha lagoa cuns xuncos e nenúfares ocupa unha gran parte do palco. Enriba da lagoa, á esquerda, un amplo habitáculo de cristal, un estudo. Á dereita, unha rampla pronunciada ascende a unha especie de terraza que dá cara ao fondo escuro da escena. Por debaixo da terraza hai unha cova ou pasadizo. Enriba da entrada da cova, e tamén dentro do habitáculo de vidro, hai dúas pantallas



de leds nas que discorren textos. Na pantalla externa, que está enriba da cova, vemos información sobre elementos referidos á residencia artística que é este “SWAMP CLUB”. Na pantalla que hai dentro do habitáculo acristalado proxéctase unha lenda ou historia mítica.

As actrices e actores visten con roupa casual de hoxe en día, pero levan uns capuchóns que lles fan parecer dunha congregación.

Dentro do estudo hai un cuarteto de corda tocando Schubert, mentres os encapuchados reciben a outros que chegan coas súas mochilas para instalarse nesta comunidade do “SWAMP CLUB”.

Un traballo coral de actores e actrices que non interpretan personaxes senón que executan tarefas e actividades dentro dese contexto escenográfico. Nós, o público, observámoslos como se estivesemos ante un terrario, fixándonos no comportamento daqueles seres alí instalados.

As actividades que se van desenvolvendo nesta residencia da lagoa non están suxeitas a ningún tipo de previsibilidade, en tanto non se ancoran nunha historia ou fábula determinada. Dá a impresión de que se trata de actividades que van xurdindo e evolucionando porque no grupo a alguén se lle ocorre propoñelas.

A comunidade residente actúa sen ostentacións teatralizantes, sen unha xestualidade

estilizada, senón dentro dunha aparente cotiandade, só rota por algunhas actividades extemporáneas e a aparición de figuras fantásticas, como a de Guillermo Tell ou a toupa xigante que saíu da cova.

Ao final trasladan a vexetación e os animais disecados da lagoa ao interior do estudo acristalado, como se se tratase dunha Arca de Noé. O espectáculo acaba así, coa evacuación da residencia ante a ameaza dun proxecto urbanístico que vai acabar con ese centro de arte. Os efectos sonoros electrónicos e os ollos vermellos intermitentes das aves na escuridade do pantano marcan o final, mentres as/os residentes, a toupa e Guillermo Tell, desaparecen polo pasadizo da cova.

O público observa o escenario como quen mira dentro dun terrario no que analiza a especie humana en todo o seu misterio e atractivo. A nosa percepción vese turbada por unha naturalidade que, no entanto, raia o teatro simbolista e xera múltiples correspondencias. As accións son simples, os obxectos parecen correntes, pero a súa utilización responde a finalidades moi diferentes ás que estamos habituados.



Martes 21 de xullo /// 19.00 e 21.30h /// Ruadavia:
pequeno auditorio dos Xardíns da rúa San Lázaro

RUDO

Cia. Manolo Alcántara /// Catalunya ///



Título espectáculo: Rudo

Nome da compañía: Manolo Alcántara

Co-produción: GREC Festival de Barcelona

Colaboración: LaSala i Ca L'Estruch de Sabadell,

Creación, produción, dirección e interpretación: Manolo Alcántara

Música: Laia Rius (interpretación violín), Maria Bou, (interpretación violonchelo) e Clara Peya, (composición e dirección musical)

Deseño de espazo escénico: Xavier Erra

Dirección técnica e iluminación: Luis Nevado

Construción do títere: Nartxi (Txo Titelles)

Indumentaria-caracterización: Rosa Solé

Fotografía: David Molina

Soporte de produción: La Destil.leria

Público recomendado: A partir de 7 anos

Tipo de espectáculo: Circo, títeres, música ao vivo e teatro de obxectos

Duración: 55 minutos

Rudo trata sobre as persoas que conviviron coa rudeza, o esforzo físico e os retos persoais levados a un extremo absurdo.

Un home crea torres e figuras con pesadas caixas de madeira. A fragilidade das construcións sobre as que se alza, para facer precarios equilibrios, son froito do desexo e da ilusión. A música, interpretada en directo, serve de contrapunto lírico ao esforzo da personaxe que gruñe, suda e non decae no seu delirio.

O espectador encontrarase atrapado nun espazo íntimo que, coma o propio protagonista, se mantén nun equilibrio difícil.

Aforo limitado a 120 persoas por pase.

Rudo recibiu o Premio Mellor Espectáculo Umor Azoka 2014, Premio ao Mellor Espectáculo de Sala Zirkolika 2014 e Premio ao Mellor Espectáculo da noite, FETEN 2015.



Martes 21 de xullo /// 20.00h /// Francelos (Fontiña Mariña)
SputMIT

PAN! PAN!

A Panadaría /// Galiza ///



Título espectáculo: PAN!PAN!

Nome da compañía: A Panadaría

Creación e interpretación: Areta Bolado, Noelia Fernández e Ailén Kendelman

Idea orixinal/Texto: Areta Bolado

Música: Ailén Kendelman

Atrezzo: Isabel Mouzo

Fotografía: Pilar Abades

Deseño gráfico: Noelia Fernández

Público recomendado: Adulto (a partir de 10 anos)

Tipo de espectáculo: Comedia western musical

Duración: 60 minutos

Web: www.apanadaria.es

PAN!PAN! é unha parodia, con música vocal en directo, dos westerns americanos. Conta a historia de Harry, un cowboy que viaxa de Mississippi a Arkansas perseguindo a un indio salvaxe que roubou á súa muller, da que está profundamente namorado.

En escena, tres actrices constrúen 8 personaxes, 5 espazos e toda a música do espectáculo axudadas só por unha bandeira dos EEUU. A comedia fai unha caricatura dese mundo sen lei dos ranchos vaqueiros, as fedorentas cantinas e os desertos cheos de perigos. Como nunha película do Far West, haberá whisky, balas e country. Amor e vinganza a partes iguais!

1º Premio Xuventude Crea 2013, Premio María Casares 2015 á Mellor Actriz Secundaria (Areta Bolado), Nominada a Premio María Casares 2015 á Mellor Música Orixinal (Ailén Kendelman).



Martes 21 de xullo /// 23:00h /// Auditorio do Castelo

LA MERDA / THE SHIT / A MERDA

Frida Kahlo Productions, Richard Jordan Productions Ltd &
Produzioni Fuorivia in association with Summerhall

/// Italia ///

Tras presentarse con gran suceso no Fringe Festival de Edimburgo en 2012 e 2013, *La Merda* foi colleitando de maneira imparable grandes premios internacionais, como os codiciados Scotsman Fringe First e o The Stage Award á mellor actriz, a intérprete italiana Silvia Gallerano. O éxito da obra aséntase sobre dous grandes piares: os certos e airados textos de Cristian Ceresoli e a hipnotizante interpretación da súa “moza, fea e espida” protagonista, como literalmente a describe a propia compañía. Nun descarnado monólogo, Gallerano descobre sobre as táboas os seus segredos máis terribles mentras loita de forma valente, decidida e obstinada por acadar o éxito nun lugar que ela mesma define como “a sociedade dos muslos e a liberdade”.

Logo dunha intensa xira europea na que non deixou de colgar o cartel de “non hai entradas” alí onde se mostra, *La Merda* estréase en Galicia na MIT 2015 avalada por grandes críticas internacio-

Título espectáculo: La Merda / The Shit / A Merda

Nome compañía: Frida Kahlo Productions, Richard Jordan Productions Ltd & Produzioni Fuorivia in association with Summerhall

Autoría: Cristian Ceresoli

Dirección técnica: Giorgio Gagliano / Giordano Bruno

Dirección executiva: Marta Ceresoli

Intérprete: Silvia Gallerano

Público recomendado: maiores de 16 anos

Tipo de espectáculo: teatro

Duración: 60 minutos

Web: www.cristianceresoli.it

nais, como: “Un texto excelente cun regusto shakesperiano e un fio narrativo cercano a Pasolini” (Il Fatto Quotidiano); “Un monólogo interior devastador” (The Scotsman); “Unha sinfonía verbal totalmente fascinante” (The Herald); “É pura potencia, política e poética” (Examiner).

A revista especializada do Reino Unido *The List* quixo destacar a montaxe como: “Unha peza teatral inolvidable que saca á luz os nosos máis profundos pensamentos, medos, desexos e recordos dunha forma tan certa que case asusta... Descarnada, terrible, brutal e ao mesmo tempo fermosa... Unha recreación case perfecta da humanidade e, por suposto, da sociedade, vista dende o seu lado máis forte, máis desesperado, máis vulnerable e ferinte”.

A estrea absoluta da obra (en italiano) tivo lugar en Italia en marzo de 2012. Tras o grande éxito obtido, a súa versión en inglés puido verse por primeira vez en agosto de 2012 no Summerhall, durante o Fringe Festival de Edimburgo, onde resultou ser unha das grandes sensacións do ano.

PREMIO FRINGE FIRST 2012 ao mellor texto

PREMIO THE STAGE 2012 á mellor interpretación

PREMIO ARCHES BRICK 2012 á obra de arte emerxente

PREMIO DELLA CRÍTICA 2012 ao mellor espectáculo

PREMIO DO XURADO DE PERIODISTAS GIOVANI REALTÀ DEL TEATRO

PREMIO DO PÚBLICO GIOVANI REALTÀ DEL TEATRO

PREMIO TOTAL THEATRE 2012 (nominación) á innovación.

Edinburgh Fringe Sell Out Show 2012 e 2013

Espectáculo en italiano, sobretitulado en galego.

Agradecementos: Festival de Otoño a Primavera, Madrid.



Mércores 22 de xullo /// 20.00h /// Casa da Cultura

PALABRAS DE CAMELO

Títeres de María Parrato
/// Castela e León ///



Título espectáculo: Palabras de caramelo

Nome compañía: Títeres de María Parrato

Autoría: adaptación de María José Frías dun libro de Gonzalo Moure

Dirección: Mauricio Zabaleta

Intérpretes: María José Frías

Deseño espazo escénico: títeres de María Parrato

Iluminación: Marino Zabaleta

Son / música: Kim Warsen

Indumentaria-caracterización: títeres de María Parrato

Público recomendado: a partir de 6 anos

Tipo de espectáculo: títeres

Duración: 60 minutos

Web: www.mariaparrato.com

Unha buscadora de historias do deserto encontra e cóntanos a de Kori, un neno xordo, e Caramelo, un camelo novo. A través desa amizade, Kori descobre a poesía. Os espazos e as personaxes ármanse e desármanse cos obxectos que leva e que atopa a nosa narradora. Da forma de contar esta historia evócase unha forma de vida exemplar como é a dos Saharais; nómadas dos nómadas do deserto.

A terra sempre presente, o vento move a auga en forma de chuvia e quádanos o leite e a carne. Todo volve á terra...

Premio FETEN ao mellor espectáculo.

Premio á mellor proposta plástica e dramatúrxica da 27ª Mostra Internacional de Titelles a la Vall d'Albaida.



Mércores 22 de xullo /// 21.00h /// San Cristovo. SputMIT

PEER GYNT

Viravolta títeres /// Galiza ///



Título espectáculo: Peer Gynt

Nome compañía: Viravolta títeres

Autoría: adaptación de Viravolta da obra homónima de Henrik Ibsen

Dirección: Anxo García

Intérpretes/manipuladores: Anxo García, Julio Balado e Pilar Álvarez

Deseño espazo escénico: Viravolta títeres e Antón Iglesias

Iluminación: Julio Balado

Son / música: adaptación e interpretación de Quiddam trío (violín, clarinete e piano) da obra homónima de Edward Grieg

Indumentaria-caracterización: Pilar Álvarez

Público recomendado: todos os públicos a partir de 7 anos.

Tipo de espectáculo: títeres de mesa e luva con música de cámara en directo

Duración: 50 minutos

Web: www.viravoltatiteres.com

Peer Gynt é un mozo fantasioso, aventureiro e un pouco preguiceiro que quere marchar da aldea na que vive para facerse rico e converterse no Rei do Mundo.

A súa nai Aase, farta das queixas que lle dan de Peer Gynt os veciños, e a súa paciente noiva, Solveig, queren refrear as súas ansias de aventura... sen moito éxito.

Só a través duns estraños soños, Peer Gynt acada a comprender que as súas ambiciosas intencións non lle traerán máis ca problemas e finalmente decide quedar coa fermosa Solveig na aldea para sempre.



Mércores 22 de xullo /// 23.00h /// Auditorio do Castelo

O PRINCIPIO DE ARQUÍMEDES

Teatro do Atlántico /// Galiza ///



Título espectáculo: O principio de Arquímedes

Nome compañía: Teatro do Atlántico

Autoría: Josep María Miró i Coromina

Dirección: Xúlio Lago

Intérpretes: Alberto Rolán, Toni Salgado, María Barcala, Marcos Vieitez

Deseño espazo escénico: Baltasar Patiño

Iluminación: Baltasar Patiño / Xúlio Lago

Son / música: Anxo Graña

Indumentaria-caracterización: Susa Porto

Público recomendado: adultos

Tipo de espectáculo: drama

Duración: 80 minutos

Web: www.teatrodoatlantico.com

Sobre a figura dun adestrador de natación con alumnos infantís recae a sospeita, manifestada polos pais dos rapaces, de que puidera tratarse dun pederasta. A sospeita -provocada por un feito con tantos argumentos para que sexa fundada como para que sexa absolutamente infundada-, medra pouco a pouco e alimenta o medo, esa sombra negra que, ao que parece, xa se converteu en presenza inevitable na nosa sociedade.

O texto recibiu o Premio Born de Teatro 2011



PROEZAS

**Inma López Silva é escritora, crítica teatral
e profesora na ESAD de Galicia**

Seguramente sexa unha proeza que unha compañía teatral galega faga trinta anos ininterrompidos sobre os escenarios. Unha xeración enteira. Unha heroicidade, quizais, tendo en conta que ao sistema teatral galego adoitamos cualificalo como menor, non normalizado e mesmo problemático. E aínda así, van aparecendo eses heroes capaces de soste-ter tamaña proeza. Neste caso, é Teatro do Atlántico, unha das compañías máis estábeis e esteticamente solventes do noso panorama teatral, garantía de seriedade no traballo, porque serio, no sentido honroso e non humorístico da palabra, é o seu núcleo artístico formado polo director Xulio Lago e a actriz María Barcala.

Gústame definilos desde o ideal do compromiso. Compromiso co traballo ben feito. Compromiso coa arte, en sentido amplo, e con ese universal diderotiano de que o traballo teatral debe agradar e conmover, pero

tamén transcender o persoal para achegarse a unha recepción colectiva que diga algo sobre nós como sociedade, como persoas, como membros da polis. Compromiso cun tempo e cun espazo, na idea clásica de que o teatro xorde por e para unha cidadanía que o consome e á que ten que servir quizais politicamente, quizais socialmente, quizais filosoficamente, porque o teatro de Xulio Lago xamais renuncia a obrigarnos a pensar. Compromiso, en fin, co teatro galego, cun ideal de construción dun teatro que fale de nós sen filtros nin débedas condescendentes, demostrando que o teatro de agora fai posíbel aquel fermoso ideal dos homes de Nós: Galicia como célula de universalidade, amosando que cando o mundo fala, tamén fala de nós, e cando nós falamos, podemos facelo alén do telón de grelos.

O repertorio destes trinta anos non fai máis ca corroborar todos eses niveis de compro-



miso. As pezas escollidas, todas, inciden nalgún dos devanditos aspectos, xa fose escollendo obras galegas ou obras foráneas cuxa tradución, loxicamente, sempre transcendeu a simple cuestión da lingua. Lago e Barcala trouxeron a Heiner Müller ao teatro galego cando aínda non se falaba de Heiner Müller, falaron da memoria da guerra cando daba a sensación de que o tema (tan pouco teatral) xa fora gastado ata a saciedade pola narrativa, foron quen de renovar o atlantismo cando xa todos pensabamos que a relación Galicia-Irlanda era unha preocupación extemporánea duns cantos nostálgicos do nacionalismo dos anos trinta. Teatro do Atlántico, pinta na escena para, en fin, amosarnos que os pobos están vivos a través das olladas do seu teatro, que nos retrata no que temos de ilusorio e de insán, desde o reto provocador e non condescendente co espectador, desde unha ironía que nos obriga a mirar a realidade desde a pequenez de sabérmonos débiles. Diciámolo no noso comentario sobre esta peza que celebra os trinta anos, *O principio de Arquímedes*: estamos ante unha

compañía que opta sempre por temas non compracentes, críticos e, sobre todo, ese ton de traxedia contida que constitúe en boa medida o selo de identidade de Teatro do Atlántico.

Trinta anos son moitos pero saben a pouco, e Xulio Lago e María Barcala aínda teñen moito que darlle a un teatro galego que terá algo que dicir mentres quede un só artista comprometido e un só espectador desexoso de deixarse enlevar por un teatro inconformista e desexoso de saber, que quere afondar sempre máis alá da aparencia superficial das cousas. Velaí o proxecto artístico, e vital, de Teatro do Atlántico. Longa vida.



Xoves 23 de xullo /// 20.00h /// Casa da Cultura

MOBIL

La Güasa /// Andalucía ///



Título espectáculo: Mobil

Nome compañía: La Güasa circo teatro

Autoría: La Güasa circo teatro

Dirección: Pepa Gil

Intérpretes: Jose Luis Ruiz (el Belga)

Diseño espazo escénico: La Güasa circo teatro

Iluminación: Rafael Díaz Ramírez

Indumentaria: María Jesus Buffa Figueroa

Caracterización: La Güasa circo teatro

Público recomendado: todos os públicos a partir de 8 anos

Tipo de espectáculo: circo-teatro de obxectos

Duración: 50 minutos

Web: www.laguasacircoteatro.com


Mestura de fraxilidade, desequilibrio e tensión, esta é a historia dun home sinxelo que vén amosar e compartir o seu último gran enxeño. Unha máquina complexa realizada nun 90% con materiais reciclados, chea de diferentes mecanismos que reaccionan en cadea e que xeran diferentes sons e ritmos que crean un ambiente de expectación entre o público, ademais de múltiples e diversas situacións en escena.

O interese polo ritmo, os malabares e o movemento, é a base e punto de partida deste traballo. Un espectáculo de circo-teatro de obxectos íntimo e sen texto, onde o actor-malabarista desenvolve a especialidade de pelotas de bote, viaxando a través dun personaxe algo excéntrico, moi xoguetón e tenro que, interactuando coa escenografía viva e activa, que el mesmo inventou e construíu, e que pon á súa disposición os elementos cos cales fai malabares, nos introduce nun mundo onde imaxinación, xogo e precisión van da man. Un mundo onde perderse segue sendo a mellor maneira de encontrarse.

Premio FETEN 2014 á mellor dirección.

Premio ACA 2014 ao mellor espectáculo individual.

Premio ACA 2014 á mellor escenografía.



Xoves 23 de xullo /// 23.00h /// Auditorio do Castelo

A HOUSE IN ASIA

Sr. Serrano /// Catalunya ///



Título espectáculo: A House in Asia

Nome compañía: Agrupación Señor Serrano

Unha produción de: Agrupación Señor Serrano, GREC 2014 Festival de Barcelona, Hexagone Scène Nationale Arts et Sciences - Meylan, Festival TNT - Terrassa Noves Tendències/CAET, Monty Kultuurfaktorij, La Fabrique du Théâtre - Province de Hainaut

Co apoio de: Festival Hybrides de Montpellier, Festival Differenti Sensazioni, Departament de Cultura de la Generalitat, Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música

Autoría e dirección: Agrupación Señor Serrano

Intérpretes: Àlex Serrano, Pau Palacios, Alberto Barberá

Deseño espazo escénico: Agrupación Señor Serrano

Iluminación: Alberto Barberá

Son / música: Roger Costa Vendrell

Indumentaria-caracterización: Alexandra Lau-do

Público recomendado: maiores de 12 anos

Tipo de espectáculo: novas tendencias

Duración: 70 minutos

Web: www.srserrano.com

A casa onde se oculta Xerónimo en Pakistán. Unha copia exacta desa casa nunha base militar en Carolina do Norte. Outra copia desa mesma casa en Xordania, onde se roda unha película. A operación de busca e captura máis grande da historia. Un Sheriff obsesionado cunha balea branca. Os rapaces de Take That preparándose para unha misión histórica. Indios e vaqueiros. Avións e cervexas. Copias, reflexos, imitacións e hamburguesas.

A través da súa linguaxe marca rexistrada (maquetas, vídeo-proxeccións, manipulación de vídeo en tempo real e voluntariosos performers), a Agrupación Señor Serrano presenta un western escénico onde a realidade e as súas copias se mesturan, debuxando un retrato desapiadadamente pop da década que seguiu ao 11-S, a semente do século XXI. Pasen e vexan.

Premio da Crítica de Barcelona 2014 ao mellor espectáculo de Novas Tendencias.

A COMPAÑÍA

Fundada por Àlex Serrano en Barcelona en 2006, a Agrupación Señor Serrano é unha compañía de teatro que crea espectáculos orixinais baseados en historias emerxidas do mundo contemporáneo. A compañía explota a riqueza de recursos tanto innovadores como vintage para extender os confíns do seu teatro. As producións da compañía estréanse e xiran sobre todo internacionalmente.

A compañía acaba de ser galardorada co **León de Prata 2015 da Bienal de Venecia**.



ENTREVISTA A ÁLEX SERRANO E PAU PALACIOS

A compañía, nacida hai menos de dez anos, preséntase como un equipo interdisciplinar que se nutre de performance, texto, vídeo, son e maquetas para escenificar historias relacionadas con aspectos discordantes da experiencia humana dos nosos días. Tamén de referentes alleos, de creadores de distintas artes que admirades. ¿Como cales? ¿E cales son eses aspectos discordantes que máis vos seducen e retan?

Encántanos estar sempre alerta, sempre buscando material que poida enriquecer a nosa maneira de afrontar a creación teatral e mellorar os nosos dispositivos escénicos. Estamos sempre atentos vendo o que se fai a nivel de vídeo en teatro e danza, pero a maior parte das veces os nosos referentes proveñen doutros campos fóra do escénico. Unha peza de vídeo arte de Yuri Ancarani, *Os aneis de Saturno* de Sebald, *Interstellar* de Christopher Nolan

ou unha visita ao Salk Institute de Louis Kahn son para nós elementos normalmente máis alimenticios creativamente falando que o que se pode ver nun escenario.

Nos nosos espectáculos tratamos temas que dalgunha maneira están de actualidade, pero non os abordamos nunca dende o realismo ou coma se fôsemos periodistas. O que nos interesa dos temas é, sobre todo, o que hai detrás deles. En *Brickman Brando Bubble Boom*, por exemplo, tratamos de maneira crítica a cultura da hipoteca e os desafuzamentos, pero a través de preguntarnos sobre a importancia do fogar para os seres humanos. En *A House in Asia* cuestionamos a mentalidade de cowboys da política exterior estadounidense, pero a través dunha reflexión sobre cómo se relaciona a realidade coas copias, os simulacros e as ficcións. En *Birdie*, o noso próximo proxecto, interrogarémonos sobre as migracións humanas, sobre a actual crise migratoria, pero posta

en contexto na natureza migrante dos primeiros homo sapiens, dos paxaros ou do universo en expansión.

En case 10 anos, o crecemento e a proxección internacional de Sr. Serrano foi fulgurante, ao que vén a contribuír de maneira especial o León de Prata 2015 da Bienal de Venecia. Na motivación do premio recoñécese, entre outras importantes cuestións, o voso valor como compañía de teatro no sur de Europa e a vosa firmeza nas conviccións éticas e estéticas. ¿Cal é o maior esforzo neste sentido?

O máis complicado é remar a contracorrente sempre. Facer teatro en España é traballar sabendo que as elites políticas te ven como o inimigo ou como alguén a utilizar para os seus propósitos. Pero é que por riba facemos teatro contemporáneo, moi pouco convencional e normalmente sobre temas pouco amables, o cal complica aínda máis as cousas. A proba é que malia ter cada vez máis recoñecemento internacional, traballar en España cóstanos horrores. No presente ano, só un 15% da nosa actividade desenvólvese aquí. E ao mesmo tempo, ese desdén político por calquera tipo de arte contemporánea en xeral fai que no mercado internacional xoguemos sempre en desvantaxe respecto a compañías belgas, francesas, holandesas, etc. porque elas reciben un apoio público constante, potente e consolidado e por tanto para un programador internacional resulta máis barato programalas a elas que a nós (e iso que nós conseguimos con esforzo e perseverancia que o INAEM e o Instituto Cervantes apoien con regularidade as nosas xiras). Por iso, consideramos que as entidades e festivais estatais que nos apoian a nivel de produción (a nós e a todas as artes escénicas contemporáneas) son os heroes do xeral, especialmente para nós o Festival GREC de Barcelona e o Festival TNT de Terrassa. É grazas a estes festivais ou organizacións que podemos crear coa máxima liberdade.



Nunca tivemos a discusión de se un tema podíamos tratalo ou non, simplemente o eliximos e o desenvolvemos. E fomos moi pesados coas nosas ideas, insistimos nos medios, os temas e os dispositivos escénicos cos que nos apetecía experimentar e que consideramos que son, para nós, os máis apropiados para falar do ser humano hoxe e aquí. Iso si, temos o privilexio de ter sido censurados nun festival porque ao seu sponsor principal, un banco, non lle gustaba como retratamos á banca no noso *Brickman Brando Bubble Boom*.

¿Que lle achega o cine ao teatro, á vosa maneira de reinventar ou de refrescar a linguaxe escénica?

Máis có cine, diríamos a linguaxe audiovisual, que hoxe en día o impregna todo. Estamos completamente contaminados por ela, converteuse na maneira natural de mirar e de entender o mundo. Lemos un libro e imaxinamos a película, ou a serie. Sentamos fronte ao ordenador e miles de inputs audiovisuais guían a nosa percepción do mundo. Por tanto, non ten sentido para nós que a linguaxe audiovisual non impregne tamén o teatro. É unha estética, unha certa maneira de presentar as cousas, a forma de estruturar a dramaturxia. Todo remite a ese referente. Nos nosos espectáculos hai referencias a películas, a anuncios, a videoclips, a obras literarias, pero moi poucas a outras obras de teatro.

De feito poderíamos chegar a dicir que o que máis nos estraña na nosa forma de facer teatro é o teatro mesmo. É dicir, o propio feito teatral coas súas convencións. Iso de que os actores encarnen personaxes, fagan ver que están en Rusia en 1850 e declamen a outro actor coma se fose seu pai. Ninguén cuestiona

xa a “veracidade” da pantalla, a ficción pertence a esta. O cine, as series ou calquera formato televisivo de ficción fixéronse donas hai moito tempo dos formatos realistas de ficción. En cambio o teatro pretende seguir facendo teatro cando o seu camiño seguramente debería transcurrir por outro lado. E é este feito o que nos dá a nós, ao teatro que nos gusta facer, liberdade para crear sen presión nin clixés e á vez nutrírnos desacomplexadamente de toda a linguaxe propia do mundo audiovisual.

O asunto central de *A house in Asia* está de absoluta actualidade. ¿Foi premonitorio ou seleccionastes aquilo que rodea á chamada “Operación Xerónimo” porque vos parecía que había demasiadas incógnitas e polémicas en torno á morte de Osama Bin Laden?

Aínda que é certo que o noso espectáculo está moi documentado e o espectador pode aprender ou descubrir feitos que ignoraba, en realidade, o atentado ás torres xemelgas ou a morte de Bin Laden en si interésannos relativamente pouco. Interésannos en tanto que vehículo para explorar as ideas de fondo do espectáculo: ¿son as copias, os simulacros e as ficcións a única posibilidade que temos de achegarnos ao real? ¿a realidade existe? ¿non son os nosos inimigos nada máis ca un reflexo invertido de nós mesmos? ¿nunha guerra, non se parecen máis os xenerais dos dous bandos entre si e os soldados dos dous bandos entre si cós xenerais e os soldados dun mesmo bando? ¿canto conta o papel do individuo concreto dentro da narración dun evento de magnitude histórica?, entre moitas outras cuestións. Por tanto, quen matou ou deixou de matar a Bin Laden ou quen fixo estalar as torres xemelgas son para nós simples anécdotas, posto que o noso discurso non vai por aí.



¿Cal é a vosa maneira de traballar? ¿Quen decide os temas e as consideracións dramaturxicas?

É difícil de dicir, pero en xeral todo nace a partir dunha imaxe, algo moi concreto, moi visual. Unha imaxe que en xeral, sen nós sabelo aínda, é a materialización dunha serie de ideas e pensamentos que fomos barallando antes. As nosas inquiredanzas nacen dun diálogo constante entre nós. Nós os dous, Àlex Serrano e Pau Palacios, estamos na orixe dos proxectos, pero logo o desenvolvemento dos mesmos realízase en sintonía cos nosos colaboradores habituais.

A House in Asia, empezou de maneira casual, lemos unha serie de artigos e descubrimos que a casa de Bin Laden fora replicada dúas veces. E a imaxe encantounos, tres casas idénticas existindo case á vez en diferentes puntos do globo. Non estamos falando de replicar un edificio singular arquitectonicamente coma a Torre Eiffel, senón que a de Bin Laden era unha casa vulgar, sen ningún interese nin particularidade, agás o feito de por quen a habitaba. Ao final, ¿cal das tres era a real? No imaxinario colectivo, a casa ‘real’ era a copia construída



para o cine. E iso presentaba un problema fascinante, onde o simulacro se impoñía como a única realidade á que podemos acceder.

Nós traballamos por acumulación de capas, a partir da imaxe inicial o que facemos é un baileirado de todo aquilo que dunha maneira ou doutra ten relación con esa imaxe. Iremos acumulando capas de significado, mesturámolas, establecemos conexións entre elas e ao final nace un enxendro multiforme, de mil caras, un puzzle de significados e significantes.

No que se refire ao proceso de creación, as residencias internacionais son para nós fundamentais. Empezamos a traballar seriamente en residencia en 2010 e xa non sabemos traballar doutra maneira. Como todos os nosos espectáculos son de creación propia e non parten da escritura dun texto, necesitamos procesos longos nos que se alternen fases de reflexión e conceptualización, con fases de ensaio, de proba e erro. A *House in Asia* desenvolveuse a partir de tres residencias de creación separadas por varios meses as unhas das outras. As

residencias son unha oportunidade marabillosa. A nós encántanos traballar, encántanos ensaiar. Cando estamos ensaiando, podemos pasar 18 horas pechados na sala de ensaio, con breves pausas para comer e tomar un pouco de aire fresco. Se estás na túa casa, coa túa vida cotiá que te espera ao saír da sala de ensaio, a enerxía creativa acumulada durante o día, pérdese, difumínase. En cambio, dez días pechados nun centro de creación, traballando 24 horas ao día (porque entón incluso os teus soños acaban formando parte do proceso), dan para moito, para facer grandes avances, para concretar moitas dúbidas. Ademais, ao final de cada residencia gústanos facer unha presentación co público, cuxas opinións nos serven para afinar máis o proceso. E despois de cada residencia, valoramos o que nos funciona e volvemos comezar o proceso dramatúrxico, para chegar á seguinte residencia co que desenvolvemos na anterior máis todo o material novo. Así, o primeiro *work in progress* tal vez dure uns 25 minutos, o segundo uns 40, o terceiro uns 50 e tras el período final de ensaios, chegar ao espectáculo completo, duns 60 minutos de duración.



Venres 24 de xullo /// 20.00h /// Rectoral de Santo André. SputMIT

TÉ CON KANT

Inversa Teatro /// Galiza ///



Título espectáculo: Té con Kant

Nome compañía: Inversa Teatro

Autoría e dirección: Marta Pérez e María Caparrini

Intérpretes: María Roja, Marta Pérez, Xosé Manuel Esperante

Deseño de espazo escénico: Inversa Teatro

Iluminación: Araceli Paz

Son / música: Johan Sebastian Bach

Indumentaria-caracterización: Centro Dramático Galego

Público recomendado: adulto

Tipo de espectáculo: cómico-filosófico

Duración: 1h 30 min.

Web: www.inversateatro.com

Té con Kant é un proxecto experimental que conxuga o ensaio filosófico e a creación escénica, xogando co humor e a ironía para obter unha peza de teatro próxima ao formato de teatro-didáctico-conferencia.

Johanna Gottfried e Theodora Krauss son dúas mulleres ilustradas chegadas á nosa época nunha viaxe no tempo desde a Prusia do S. XVIII. Unha vez aquí tentarán exercer como axitadoras filosóficas coa pretensión de remover e promover a reflexión (e acción) do público asistente ao redor da problemática moral nos nosos días, a partir das ideas do seu amigo, o filósofo Immanuel Kant. A última palabra sobre o destino destas personaxes dependerá unicamente do público asistente, que terá que tomar unha decisión seguindo o Imperativo Categórico Kantiano. Atrévete a pensar con nós?

Té con Kant chega á MIT e faíno para celebrar a súa función número 50, despois de ter pasado por diferentes teatros, festivais, espazos e mesmo Congresos Internacionais de Filosofía, tanto en Galicia, como no resto do estado, Portugal ou Colombia. A peza, ademais, foi merecedora neste 2015 do Premio Teatral Maruxa Villanueva, que recaeu na actriz Marta Pérez.



Venres 24 de xullo /// 23.00h /// Auditorio do Castelo

LA IMAGINACIÓN DEL FUTURO

La Re-sentida /// Chile ///



Título do espectáculo: La Imaginación del Futuro

Nome da compañía: La Re-sentida

Autoría: La Re-sentida

Dirección: Marco Layera

Producción: Nicolás Herrera

Intérpretes: Rodolfo Pulgar, Benjamín Westfall, Carolina Palacios, Carolina de la Maza, Diego Acuña, Pedro Muñoz, Benjamín Cortés, Luis Moreno.

Diseño espacio escénico: Pablo de la Fuente

Iluminación: Karl Heinz Sateler

Asistente de Son: Alonso Orrego

Encargado de vídeo: Raúl Donoso

Público recomendado: maiores de 7 anos

Tipo de espectáculo: drama político

Duración: 85 minutos

Web: www.teatrolaresentida.cl

Un grupo de modernos Ministros de Estado intentan asesorar ao presidente Salvador Allende nos seus últimos días e salvar o seu goberno. ¿Poderán torcer a historia? ¿Poderán evitar os 17 anos de ditadura que se aveciñan e cuxas consecuencias arrastramos ata hoxe? A partir desta situación ficticia iremos revisando e confrontando diversos fitos que nos revelarán a violencia política que caracterizou ao noso país e á súa actual clase dirixente. *La imaginación del futuro* non é un fiel relato histórico xa coñecido por todos, senón unha ficción libre, desfachatada e insolente, baseada en feitos que marcaron a identidade política do noso país. O humor, a crueldade e o sarcasmo marcan o camiño para reflexionar en torno ao pasado, futuro e presente de Chile.

ENTREVISTA A MARCO LAYERA

Director de La Re-sentida

Nalgunha ocasión declaraches: “ás veces dáme vergoña dicir que son director de teatro porque me sinto inútil para a sociedade”. ¿Propuxéches-te entón cambiar a visión e o rol do artista a través da práctica da túa compañía La Re-sentida?

Sigo crendo que o teatro está lonxe de ser a mellor e a máis efectiva ferramenta política, xa que o seu alcance é bastante acoutado. Existen outras ferramentas ou accións realmente efectivas, pero claro, elas non teñen o glamour nin o recoñecemento do noso oficio. Desde esta perspectiva asumo certa covardía e comodidade, se fose tan radical e comprometido non estaría facendo teatro senón nas rúas, onde as balas non son de salva, nin os decorados de cartón, nin o sangue un efecto máis. Ás veces penso que hoxe en día dedicarse á arte é darlle as costas ao mundo, é fácil reflexionar sobre as atrocidades e logo recibir aplausos por iso.

Tamén dixestes que “foder á dereita é moi fácil” e por iso preferides facer reflexionar ao espectador sobre as subtís diferenzas éticas e estéticas entre as prácticas dalgúns gobernos de dereitas e supostamente de esquerdas. Pero, ¿por que decidides

facelo a partir dunha figura clave da revolución como Salvador Allende?

Os nosos espectáculos sempre se basearon en temas que nos xeran crises e contradición, naqueles temas que como país e xeracionalmente aínda non temos resoltos e onde abundan as preguntas máis cás repostas, de aí a necesidade de dirixir a nosa mirada cara a un feito e unha figura que marcou a identidade política do noso país e cuxas consecuencias vivimos ata o día de hoxe.

Creo que pertenzo a unha xeración que creceu sen heroes nin idolatrías, lamentablemente non tiven a oportunidade de vivir ningún relato épico do meu país como foi “a Unidade Popular”, “a resistencia á ditadura” ou “a recuperación da democracia”, por ende non temos esa nostalxia que teñen os nosos pais con algunhas figuras e épocas pasadas. Tocounos vivir unha época sen ideoloxías, sen causas comúns, baixo unha democracia bastante sui generis que permitiu o triunfo do neoliberalismo máis brutal. Somos unha xeración absolutamente desilusionada cos nosos referentes, aqueles que nos prometeron que unha vez recuperada a democracia nos converteríamos nun país xusto, igualitario e progresista, pero unha vez no poder só se dedicaron a administrar un sistema que antes aborrecían. Creo que esta desilusión e o

paso do tempo déronnos a liberdade de crear este espectáculo, permitíndonos revisitar contemporánea e provocadoramente a figura de Salvador Allende sen caer en romanticismos nin nostalxias pasadas.

¿Pódesnos explicar cal é a maneira de crear e ensaiar da compañía?

Antes de iniciar os ensaios cos actores, emprendo un proceso de investigación persoal no cal se concreta a idea xeral do espectáculo e se traduce nun material textual que contén escenas xa acabadas, esbozos delas, imaxes, situacións dramáticas, frases soltas, etc. Este material acostumo entregalo o primeiro día de ensaio e sérvenos como guía para o traballo a seguir. Logo, a partir dese material, empézase outro proceso de investigación, improvisación e escritura por parte dos actores. Do cruzamento destes dous procesos resulta outro material textual que adoito reelaborar e fixar como o texto definitivo do espectáculo, pero sempre suxeito a futuras modificacións.

Alguén vos definiu como unha compañía moi punk e asumides “como un deber a desfachatez, a desacralización de tabús e a reflexión desde a provocación”. Neste sentido, ¿cales son os temas e as estratexias dramáticas clave para vós?

Esa cualificación de “punks do teatro chileno” fíxoa un xornalista e é pouco acertada xa que non nos representa para nada. Ao mellor podo responder á pregunta baseándome no nome da nosa compañía, que vén da palabra Re-sentir, que significa volver a sentir ou revivir o sentido con máis intensidade, fala dunha emoción que mestura unha dor e ira non resolta. Cando fundamos a compañía era o concepto que máis nos representaba, por iso o fixemos propio, xa que como xeración nos sentiamos feridos e impotentes coa nosa historia, coa nosa identidade e coa orde actual das cousas. A nivel creativo tradúcese nun pulso vital, un motor que nos guía no noso traballo e que se caracteriza escenicamente por un exceso de enerxía,



pola utilización das armas da ironía, o sarcasmo, o humor, o absurdo e a crueldade, que ao noso parecer posúen un gran poder corrosivo. Desde esta perspectiva, os nosos procesos creativos non están suxeitos a presións nin pretensións de ningún tipo e caracterízanse por unha libre e constante búsqueda.

¿Esperabades unha recepción e acoillida internacional da magnitude que está tendo La Re-sentida?

Realmente non o esperabamos, xa que no momento de crear os nosos espectáculos non tiñamos tales pretensións. Sen dúbida a nosa carreira foi bastante vertixinosa, en tan só 8 anos tivemos a enorme satisfacción de levar os nosos espectáculos a máis de 20 países e participar en prestixiosos festivais internacionais, sendo receptores de distintas realidades e culturas, as cales día a día amplían e profundizan a nosa visión do mundo.



Venres 24 de xullo /// 01.00h /// Ruadavia: Praza Maior

O BAILE DOS CANDEEIROS

Colectivo Radar 360°/// Portugal ///



Título espectáculo: O Baile dos Candeeiros

Nome compañía: Radar 360° Associação Cultural

Autoría: Radar 360° Associação Cultural

Dirección: Antonio Oliveira

Intérpretes: António Oliveira, Cláudia Eiras, Filipe Caco, Julieta Rodrigues, Filipe Moreira, Mariana Amorim

Deseño espazo escénico: António Oliveira, Emanuel Santos

Iluminación: António Oliveira, Emanuel Santos e Pedro Estevam

Son / música: Fernando Rodrigues

Indumentaria-caracterización: Julieta Rodrigues

Fotos: J.M, Gilberto Figueiredo, Diogo Azevedo, Joaquim Baptista

Público recomendado: todos os públicos

Tipo de espectáculo: danza, teatro físico, performance e instalación plástica

Duración: 50 minutos

Web: www.radar360.pt

Todos temos un universo máxico que levamos da nosa infancia. Inspirado nos rituais e tradicións que se remontan a finais dos anos 60, fomos na procura de inspiración para esta creación á famosa danza dos cinco candeeiros!

Nos momentos da ditadura, organizar encontros e reunións era un acto sospeitoso e perigoso. Todo se debía facer dunha maneira subtil e escondida. A Danza das cinco Lámpadas encontrábase nesta dinámica. Os homes que ían ao exército ou á guerra colonial, só querían dicir adeus ás súas familias e amigos, e para eles organizaban este encontro. Creábase un ambiente íntimo, cunha luz tenue e o son da música de baile... Celebrábanse despedidas, esperanzas e para algúns, un futuro retorno. Pero isto non sempre sucedía... Orixinalmente creado na Foz do Douro, na cidade do Porto, este Baile foi o lugar de encontro, de amor e aventuras...

Lámpadas humanas, autónomas, diseminadas en puntos estratéxicos. Transforman as características dos espazos que habitan. Acéndense, apáganse, respiran, bailan, relaciónanse e viven! Esta intervención artística parte dun concepto de instalación plástica, unha composición coreográfica asociada co movemento dos corpos no espazo e da luz como unha escena viva e moi visual. Con este traballo, a compañía RADAR 360°, quere fortalecer o acto creativo na rúa, e aposta por unha intervención non convencional con fortes compoñentes plásticas e un carácter interdisciplinario. O obxectivo é chegar a calquera persoa, de calquera idade que atravesese o espazo público... E terá fronte a si unha lámpada bailante e camiñante!



Sábado 25 de xullo /// 20.00h /// 01.00h /// Club Artístico

COMO SI PASARA UN TREN

La Trastienda /// Madrid ///

Susana (María Morales) e Juan Ignacio (Carlos Guerrero) viven sós nunha pequena cidade. Juan ten un retraso madurativo e parece un neno pequeno. A Susana non lle foi fácil criar soa a Juan despois de que o pai os abandonara. Quizais por iso o sobreprotexe tanto. Pero conseguiu chegar a un equilibrio e a súa forma de facelo. As cousas van cambiar tras a chegada de Valeria (Marina Salas), unha adolescente, sobriña de Susana, á que a nai manda “ao campo” logo de lle encontrar un cigarro de marihuana e considerala drogadita. Unha comedia dramática chea de humanidade, escrita por unha arxentina, Lorena Romanín, e dirixida por outra, Adriana Roffi.

PALABRAS DA DIRECTORA. En *Como si pasara un tren*, encontréime cunha historia chea de humanidade e humor, nada pretenciosa.

Con personaxes errantes como protagonistas, que se enfrontan ás súas dificultades cotiás, loitan polos seus desexos mundanos.

Nestes momentos de crise económica, social e tamén dunha profunda crise na arte, tamén existe unha oportunidade para avanzar, para superarnos. As crises tamén son iso..

Creo que as crises son unha oportunidade para avanzar, para superarnos.



Título espectáculo: Como si pasara un tren

Nome compañía: Producciones Come y Calla, S.L.

Autoría: Lorena Romanín

Dirección: Adriana Roffi

Intérpretes: María Morales, Marina Salas y Carlos Guerrero

Diseño espacio escénico: Adriana Roffi/ Ricardo S. Cuerda

Iluminación: Amaia Vargas

Indumentaria-caracterización: Lupe Valero

Público recomendado: todos os públicos

Tipo de espectáculo: comedia/realista

Duración: 80 minutos

E eu como artista en crise necesito contar historias humanas que me representen. Esta historia con personaxes que arrastran e resoven da mellor maneira que eles consideran, que non sempre é o mellor para o outro, convértese humanamente na vida mesma.

O meu obxectivo con esta obra é poder plasmar en acción lúdica unha verdade, que é a mellor maneira como eu concibo o teatro. Facendo cada acción tanto mental como física, persoal.

E que a crise non sexa un impedimento para contar dende o teatro co compromiso e a entrega de todos os que participamos nesta función.

Entón transformar tanxiblemente a crise nunha oportunidade.

O teatro, a arte ten entre outros obxectivos, a función de transformarse e transformar.

Así se plasmou *Como si pasara un tren*.

Adriana Roffi

Directora

A CRÍTICA ¿A que van vostedes ao teatro? Hai funcións e funcións. Hai funcións que deixan a un frío, funcións cuxa mera función é entreter, e incluso funcións que chegan a emocionar.

Pero logo hai un cuarto grupo, moito máis reducido e selecto: as funcións que, por enriba da sensación que che produzan durante a representación, te acompañan pola rúa á saída do teatro, acompañan na casa e néganse a arquivarse no recordo; as funcións que non te soltan mesmo días despois de telas visto, e nas que o pensamento segue permitindo descubrir capas e capas de lectura, á marxe da emoción inmediata que che producen.

En definitiva, as funcións que te removen, supoño. É aí, nese reducidísimo grupo de experiencias, onde hai que situar *Como si pasara un tren*.

Hugo Álvarez

Butaca en Anfiteatro.



Sábado 25 de xullo /// 23.00h /// Auditorio do Castelo

PERPLEXO

IlMaquinario /// Galiza ///



Título espectáculo: Perplexo
Nome compañía: IlMaquinario Teatro
Autoría: Marius von Mayenburg
Tradución: Catuxa Pato
Versión e Dirección: Tito Asorey
Intérpretes: Melania Cruz, Fernancho González, Fran Lareu e Laura Míguez
Espazo escénico: Luis Iglesias “Luchi”
Iluminación: Tito Asorey e Germán Gundín
Espazo Sonoro: Tito Asorey e Laura Míguez
Vestuario: Yaiza Pinillos
Realización disfraz Laura: Diego Valeiras
Rexiduría: Roi López
Producción: Laura Míguez
Público recomendado: maiores de 14 anos
Tipo de espectáculo: comedia
Duración: 90 minutos
Web: www.ilmaquinarioteatro.com

Cres que sabes perfectamente quen es. Cres que sabes perfectamente quen son as persoas que están ao teu carón. A túa parella. O teu mellor amigo. A túa nai. Cres que sabes perfectamente o que está sucedendo ao teu redor. Cres que ti manexas a situación. Cres que es TI quen conformas a túa propia realidade. Que sabes perfectamente como é a túa vida. Que o teu fogar é teu e que tes un nome, unha tarxeta de crédito e unha póliza de seguros. Cres que tes CERTEZAS.

Pero as CERTEZAS neste mundo son case unha UTOPIÁ. Ata que punto é real o que inxenuamente adoitamos chamar “realidade”? Cando toda a realidade se derruba ao noso redor... a que podemos aferrarnos?

Benvidos ao universo de PERPLEXO, o novo espectáculo de IlMaquinario Teatro.

Premios Mellor Espectáculo, Mellor Dirección, Mellor Iluminación, Mellor Vestuario e Mellor Tradución/Versión nos Premios María Casares 2015

PRESENTACIÓN DE IL MAQUINARIO

Manuel Xestoso é xornalista e crítico teatral.



Con só dous espectáculos montados, Il Maquinario converteuse xa nunha referencia imprescindible do novo teatro galego. A súa fórmula combina con éxito unha coíddada selección de obras que falan do presente de xeito innovador, o protagonismo do traballo actoral e unha intelixente conciliación de entretemento e esixencia.

As montaxes da compañía investigan sobre as linguaxes teatrais de vangarda sen esquecer que o espectador ten un papel primordial na función e iso permítelles aos seus compoñentes inxectar grandes doses de profunda reflexión sen renunciar a conexión con el. As suxestións de carácter social e existencial que se desprenden das súas obras sintetizan de forma sorprendentemente amena as ideas máis avanzadas do pensamento dos nosos días:

un labor que non está ao alcance de calquera. A súa carreira aínda é curta, mais mostra que o rigor non é incompatible coa aprobación da audiencia, máis ansiosa que nunca por ver reflectidas no escenario as súas preocupacións. *O home almofada* advertía da deriva totalitaria que asexaba o futuro. *Perplexo* analiza cunha ironía rotunda o suxeito que está a permitir que esa deriva avance: o consumidor (que non o cidadán) dunha Europa desorientada que confunde a modernidade co *glamour* das aparencias.

Polo medio está o teatro, o lugar onde se dirimen de maneira simbólica as grandes batallas da sociedade. Esa asemblea democrática que é o público ten a última palabra. E Il Maquinario atopou a linguaxe máis apropiada para dirixirse a ela e gañar a súa confianza.

ACTIVIDADES PARALELAS

EXPOSICIÓN: BARRIGA VERDE, DE FEIRA EN FEIRA

A partir do 18 de xullo

Igrexa da Madalena

Promotor e organizador: Museo Etnolóxico de Ribadavia (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria).

Produción: Asociación Cultural Morreu o Demo.

Horario: de 10:00h a 14:00h e de 18:00h a 21:00h

web: www.barrigaverde.eu

A exposición mergúllanos no fantástico mundo no que naceu Barriga Verde, o último monicreque popular galego. Convidanos a percorrer o mundo no que se desenvolveu este espectáculo, o das feiras tradicionais, acontecemento festivo por excelencia en Galicia até

a década de 1960. Así mesmo, condúcenos polas bambalinas da barraca para coñecer os segredos dos artistas que fixeron posíbel a maxia destes títeres até a súa desaparición, case ao mesmo tempo que aquelas feiras que aínda lembran as persoas maiores, de cando o cinema e a televisión aínda non eran as principais fábricas de sonhos.

Producida pola Asociación Cultural Morreu o Demo, embarcada no proceso de preservación e activación do teatro de títeres popular galego, a exposición inclúe pezas orixinais de José Silvent, un dos creadores de Barriga Verde, que poden verse por primeira vez desde que a barraca “Melodías de España” deixou de percorrer as feiras do país, en 1964. Tamén se inclúen pezas orixinais da tradición europea de títeres de cachaporra e outros obxectos propios do universo das feiras tradicionais, así como elementos audiovisuais e interactivos que converten a exposición nunha experiencia sensorial para toda a familia.



ARTISTAS EN RESIDENCIA NA MIT. Dramaturgos e dramaturgas.

Casa da Cultura. Do 20 ao 22 de xullo.
Lectura dramatizada dos textos creados du-
rante os días de residencia: 22 de xullo ás
19:00h no espazo FORO da MIT Ribadavia.

Creación e produción

Mundo Razoável

Dirección

Marta Freitas e Nuno M. Cardoso

Sinopse:

Experiencias Dramatúrxicas- residencia de escrita:

Estas Experiencias Dramatúrxicas xiran arredor da produción, experimentación, cruzamento e divulgación das novas dramaturxias nacionais e internacionais, a través dunha rede de dramaturgos/as portugueses/as e galegos/as e de artistas interesados na escrita para o escenario. A actividade acontece en contexto de residencia de escrita, onde varios autores e autoras, directores/as e actores e actrices se xuntan, facendo que a creación e a experimentación de textos para a escena aconteza. A experiencia conxunta, en tempo real, do acto de creación, contribúe para muscular e potenciar o traballo individual de cada un dos creadores implicados.

Experiencias Dramatúrxicas- lectura dramatizada:

Co obxectivo de difundir as novas dramaturxias, as *Experiencias Dramatúrxicas* comparten os resultados dos procesos creativos resultantes dos encontros en residencia entre autores, directores e actores, nunha lectura dramatizada de pezas curtas de diferentes dramaturgos e dramaturgas portugueses e galegos.

Mundo Razoável xorde en 2011, co enorme desafío de ser unha das compañías residentes da Guimarães Capital Europea da Cultura'12, coa creación de 4 espectáculos orixinais. Estes dous primeiros anos de actividade serviron para definir a linguaxe artística e estética da MR, deseñando os camiños a percorrer e apagando aqueles que de-

bía abandonar. O traballo desenvolvido pola MR, despois do ano de residencia na CEC'12, foi sempre o de producir novos textos, levalos a escena, promovendo as novas dramaturxias, especialmente na nosa lingua nai; a produción en rede; e a forte ligazón cos cursos superiores e profesionais de teatro nacionais. En 2013 e 2014 a MR consegue, consecutivamente, o Apoio Pontual da DGArtes de Portugal para dous proxectos, tendo actualmente o Apoio Anual da mesma entidade. Ademais das creacións arriba referidas, a MR ten investido na vertente educativa, entre o que destacan as Oficinas Criativas no TNSJ e TeCA do Porto e laboratorios de escrita. Outra aposta forte da MR é a edición de pezas orixinais, tendo xa editado 5 obras, todas elas levadas a escena pola compañía. Entre abril de 2013 e decembro de 2014 foi a entidade responsábel da dirección artística, programación e produción do Palcos do Románico, un programa cultural de artes performativas, que contou coa participación de cerca de 50 compañías, 200 presentacións e 20.000 espectadores.

Espectáculos: “Diz-lhes que não falarei nem que me matem”; “Metamorfoses”; “Na minha cidade há o mundo”; “Na Hora Errada”; “Eis o Homem”; “(Des) Humanidade”; “Longe do corpo”; “Amor de Anjo”; “Memória (de Experiências Dramatúrgicas)”

PARTICIPANTES:

Ana Moreira. Dende 1998 desenvolve o seu traballo con realizadores como Teresa Villaverde, João Botelho, Jorge Cramez, Eugène Green, Gabriel Abrantes, Miguel Gomes e Salomé Lamas. Colaborou como membro do xurado no festival de cinema de Locarno, Vila do Conde, de Sofia entre outros. Ademais de traballar con outras compañías teatrais, foi co-fundadora da compañía Voz Humana e co-directora. Neste momento está realizando o mestrado en Prácticas Artísticas Contemporáneas na Facultade de Belas Artes no Porto.

António Parra. Rematou os estudos oficiais de Teatro – Interpretación na ESMAE (Porto). Como actor traballou con Pedro Estorninho, José Carretas, Rogério de Carvalho, Luís Mestre, Fernando Mora Ramos, Paulo Calatré, António Durães, Manuel Tur, Tiago Correia, Luís Araújo, Jorge Pinto, Carlos Pimenta, Pedro Lamas, Ricardo Pais, entre outros. É membro fundador da Compañía A TURMA.

Fernando Giestas. Xornalista, dramaturgo,

co-fundador, con Rafaela Santos, da Amarelo Silvestre. Actor de brincar, formador de Expresión Escrita. Autor da dramaturxia dos espectáculos (creacións Amarelo Silvestre): *O que é que o pai não te contou da guerra?*, co-produción co Teatro Nacional São João, Porto, 2015 - Teatro Carlos Alberto; *Sangue na Guelra*, Teatro Viriato, Viseu, 2013; *Mar Alto Atrás da Porta*, Folias D'Arte, São Paulo, Brasil, 2013; *Raiz de Memória*, con persoas sen fogar e anciáns do centro de día da Associação de Solidariedade Social da Freguesia de Abraveses, Teatro Viriato, Viseu, 2012; *João Torto*, Teatro Nacional D. Maria II (TNDMII), Lisboa, 2012. Texto do espectáculo publicado pola editora Bicho do Mato, en partenariado co TNDMII; *Sonhos Rotos*, Festival Internacional de Teatro Clásico de Almagro – España.

Jorge Louraço. Docente da ESMAE, crítico do xornal Público e bolseiro da FTC. Estudou dramaturxia con António Mercado e Sanchis Sinisterra. É autor de pezas como *Roda do Mosteiro Velho* (2014), *Cassandra de Balaclava* (2013), *Xmas qd Kiseres* (2002) e *O Espantalho Teso* (2000), entre outras. No Teatrão (Coimbra), levou a escena *Conta-me Como É* (2014), con textos de Jorge Palinhos, Sandra Pinheiro e Pedro Marques.

Jorge Palinhos. É dramaturgo, con varias pezas publicadas e presentadas en Portugal, España, Alemaña e Brasil. É tamén autor de contos e guiños de cinema. Neste momento prepara un doutoramento en dramaturxia contemporánea.

Marta Freitas. Licenciouse en Interpretación (ESMAE), e en Psicoloxía (UM). Fixo o Mestrado e Doutoramento en Ciencias Cognitivas (UM). Como dramaturga conta con varias pezas levadas a escena. Coordina regularmente obradoiros de escrita creativa e de escrita para teatro. Paralelamente, desenvolve unha sólida carreira de actriz. É profesora en cursos superiores e profesionais de ensino artístico. É fundadora e directora da empresa cultural Bastidor Público, e da asociación cultural Mundo Razoável.

Nuno M. Cardoso. Naceu no Porto en 1973. Director artístico da compañía O Cão Danado. Como actor e director, traballou con innúmeros autores, de Goethe a Shakespeare, Milton a Pessoa, Koltès a Lorca. Fixo cinema, televisión, radio. Vive no Porto e traballa no TNSJ como asesor da Dirección Artística.

Vanesa Sotelo. É dramaturga, docente, actriz e directora teatral. Formada en xornalismo (USC)

e dirección escénica (ESAD Galicia), en 2008 traballou como dramaturga residente para o Centro Dramático Galego coa escrita de Estigma e foi artista residente para a mesma institución en 2009 co proxecto colectivo *Corpo-puta-vaca-berro*. En 2010 gaña o Premio do Xurado do IV Certame “Diario Cultural” de Teatro Radiofónico con *Indoor* e o XIII Premio Josep Robrenyo con *Memoria do incendio*. En 2011 gaña o VI Premio Abrente de Textos Teatrais da MIT Ribadavia con *Campo de covardes*. En 2014 foi seleccionada para o III “Programa de Desarrollo de Dramaturgias Actuales” do INAEM co proxecto *Nome: Bonita*. Como directora, os seus traballos foron presentados en festivais de Galiza, Brasil, Colombia, México e Venezuela. É subdirectora da Revista Galega de Teatro e colaboradora do xornal www.artezblai.com

Fran Godón. Actor, director, escenógrafo e autor teatral. Licenciado en Filoloxía e Graduado Especialista en Arte Dramático. Traballa para diversas compañías dirixindo sempre obras propias. Creador do TIT (Taller de Investigación Teatral) da compañía UT-Tópico Teatro, da Asociación Cultural Turbina, dende a que xestiona actividades teatrais e obradoiros creativos permanentes para nenos e adolescentes. En 2013 gaña o “VIII premio Abrente para textos teatrais” da MIT con *Diante do espello* e en 2014 é seleccionado polo INAEM dentro do seu programa de dramaturxia contemporánea para escribir a obra *Subterránea*.

Rubén Pérez. Naceu en Pamplona en 1985. Foi actor amador e profesional en diferentes agrupacións e compañías, investigador do teatro de Valle-Inclán, xestor teatral do proxecto Buxiganga. Actualmente, aparte de traballar no proxecto de microteatro *Microefectos Dramatúrxicos*, onde se xuntan varios dramaturgos/as para escribir, actuar e dirixir as súas propias pezas ao longo de dous anos, acaba de montar a compañía Lucécús Teatro, cuxas característica fundamental é a escrita propia. Acadou o 1º certame dramaturxia breve A Pipa de Becerreá coa peza *Emoticonas*. Amais, coa Aula de Teatro da USC no Campus de Lugo acadou numerosos premios.

Santiago Cortegoso. Actor, director e autor de textos como *Raclette* (Premio Álvaro Cunqueiro 2014), *Smoke on the water* (Premio Varela Buxán 2013), *El charco de Ulises* (Iberescena 2010), *0'7% MOLOTOV* (Premio Rafael Dieste 2009) ou *Hámster* (Magalia 2008). Coa súa cía, IBUPROFE-

NO TEATRO, creou *A filla de Woody Allen*, *Pequenos Actos Pseudorrevolucionarios* (Premio María Casares I3) e *O Furancho*.

Roi Vidal Ponte. (Santiago de Compostela, 1982). Filólogo, poeta, dramaturgo, crítico teatral, músico e director de escena, comeza publicando poesía e teatro en revistas como RDL, *Dorna* ou *Casahamlet*. Finalista en 2008 do II Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico (Xerais) coa peza *Último Capítulo* e en 2010 do Premio Xuventude Crea co poemario *Pop* (Xunta de Galicia). En 2012 obtivo o Premio Concello de Carral co poemario *Teatro*. A súa peza *Canción triste de Wall Street* forma parte do libro *Banqueiros* (Laiovento, Premio da Crítica 2013). En 2014 publica unha biografía de Roberto Vidal Bolaño titulada *Fóra de Portas* (Edicións Positivas).

Crítico e estudoso do feito teatral en medios como *Vieiros*, *Faro de Vigo*, *Protexta* ou *Praza Pública*, actualmente colabora no blog de crítica teatral da *Revista Galega de Teatro*. Forma parte de Estaleiro Editora e do grupo Ataque Escampe.

Clara Gayo. (Vigo, 1971) É actriz, autora teatral e ocasionalmente directora. Publicou con Estaleiro Editora *Movidas* e *Razóns de peso* (2010). Seleccionada nos IV Encuentros en Magalia de Creación Contemporánea con *Agorafobia: Parálise sobre o medo*, publicada por RedeNasa (2010). En 2014 publicou *Prohibido sufrir* no nº74 da *Revista Galega de Teatro*. É directora e autora de FarandOleiras Cabaré, grupo de teatro afeccionado, desde hai 5 anos.



FOROS DA MIT RIBADAVIA

Que é o Foro de Ribadavia? Que pretende crear e por que nos pode interesar?

Son coidados espazos para o debate aberto, entrevistas e obradoiros cos creadores e usuarios que visitan a capital do teatro galego e que intercambiarán a súa experiencia e relación coa sociedade actual, coa política, coa economía e co sistema cultural en foros abertos a toda a cidadanía, moderados por xornalistas, profesores, políticos ou distintos axentes sociais e artísticos. O Foro da MIT Ribadavia quere ser a manifestación latente dun dos obxectivos que a Mostra leva perseguindo nos últimos anos, de empoderamento da sociedade en relación co discurso crítico sobre a arte e a organización social. Os foros abertos tamén queren evidenciar o feito non crematístico do festival, a filosofía de irradiación daquilo que conclúe nos espazos de exhibición e nas canles de divulgación, na busca de novos espectadores e no compromiso coa innovación e o progreso da diversa e novidosa produción teatral contemporánea, facéndoa así mesmo máis accesible para todos os espectadores/as.

19 de xullo. Foro MIT Ribadavia: encontro con Chévere e presentación do proxecto Berberecheira. 21:30h – Patio interior da Oficina de Turismo.

BERBERECHEIRA

Chévere ponse a pensar en voz alta e lanza unha idea que quere compartir con todas aquelas persoas que veñan participar deste foro. A Berberecheira é un banco marisqueiro enriquecido polas mareas que entran por unha Boca do Río aberta na praia de Carnota. Un criadeiro natural custodiado por xentes da zona para uso propio e goce do resto do mundo. De aí nace a idea desta outra Berberecheira teatral custodiada por Chévere: un espazo para sementar proxectos escénicos de xestión colectiva, un laboratorio de creación sustentado en redes estables de cooperación, un lugar de encontro e diálogo entre creadores, públicos e axentes culturais.

19 de xullo. Foro MIT Ribadavia: coloquio con Teatro del Barrio. 1:00h – Patio interior da Oficina de Turismo.

A corrupción e a fraude son das preocupacións que máis exponencialmente creceron entre a cidadanía



GOVERNO DE
PORTUGAL

SECRETARÍO DE ESTADO
DA CULTURA

dgARTES
DIRECCIÓN GERAL
DO TEATRO

nos últimos tempos, segundo os estudos do CIS. Este tema incómodo será un dos temas principais do debate propiciado por este espectáculo dirixido por Alberto San Juan, con dramaturxia de Jordi Casanovas, baseada no segundo interrogatorio do xuíz Ruz ao extesoureiro do PP. Intervirán os actores Pedro Caballanc e Manolo Soto, o director e actor Xesús Ron (da compañía Chévere, que mantén un intercambio coa cooperativa cultural Teatro del Barrio) xunto co Presidente do Colexio Oficial de Xornalistas de Galicia e director da Revista Luzes, Xosé Manuel Pereiro.

20 de xullo. Foro MIT Ribadavia: encontro co sector profesional das artes escénicas de Galicia. 19:00h – Patio interior da Oficina de Turismo.

Rearmarse para o futuro. De pouco vale o laio. A crise na cultura institucional, o obsoleto sistema de concesión de axudas, o desaproveitamento dos espazos de exhibición que as compañías poden dinamizar non só coa programación de espectáculos, etc. Temas urxentes e importantes para o futuro do teatro galego. A Asociación de Actores e Actrices de Galicia acaba de renovar a súa directiva, tamén Escena Galega, á que se acaba de sumar unha moi considerable cantidade de compañías profesionais para fortalecer a na súa representatividade e na vontade de interlocución para o cambio. Xunto a estes colectivos, creadores a título individual, axentes da crítica, da dirección de espazos escénicos e da educación artística, toda a cidadanía e os medios participarán na exposición de estratexias e demandas. Un encontro moderado por Paulo Rodríguez, director do Teatro Rosalía de Castro e Presidente de La Red Española de Teatros, Auditorios, Circuitos y Festivales de Titularidad Pública.

21 de xullo. Foro MIT Ribadavia: coloquio con Cristian Ceresoli e Silvia Gallerano. 1:00h – Patio interior da Oficina de Turismo.

Coa súa ópera prima, o dramaturgo italiano Cristian Ceresoli conseguiu un sorprendente éxito de crítica, acompañado do labor abraiaante da actriz protagonista da posta en escena do seu monólogo. *La Merda*, publicada por Oberon Books (Londres) xa foi traducida ao inglés, danés, portugués de Brasil, checo, francés e alemán. Tras tres anos consecutivos de exitosa xira por Italia, en 2014 *La Merda* emprende unha xira europea e estráse no West End londinense, Glasgow, Copenhague ou Berlín, entre outras cidades. A súa estrea en Galicia vén acompañada dun coloquio e si-

natura de exemplares do libro coa compañía.

THE GUARDIAN

“Unha peza tan cruda, rabiosa e núa -tanto literal como metaforicamente falando- que ao saír do teatro un sente coma se lle arrancasen a pel”.

THE HERALD

“Unha sinfonía verbal totalmente fascinante. Dunha maneira algo retorcida, a cautivadora sinceridade que se desprega é sinxelamente irresistible”.

22 de xullo. Resolución do 10º Premio Abrente de Textos Teatrais. Lectura dramatizada – Dramaturxias en residencia. 19:00 Espazo Foro MIT Ribadavia.

A dramaturxia actual como protagonista no 10º aniversario do Premio Abrente de Textos teatrais.

O xurado, formado pola actriz Belén Constenla, o investigador e profesor da Université Toulouse II-Le Mirail Fabrice Corrons e o actor e codirector de A Artística de Vigo, Alfredo Rodríguez, dará a coñecer o resultado das deliberacións e o nome do texto premiado nesta 10ª convocatoria do premio. De seguido, o colectivo de dramaturgas e dramaturgos galegos e portugueses coordinado por Mundo Razoável, presentarannos o resultado da escrita levada a cabo durante os días de estadia na MIT de Ribadavia, nun espazo delongado para o encontro, a creación e a convivencia.

23 de xullo. Foro MIT Ribadavia: coloquio con Álex Serrano e Pau Palacios. 1:00h – Patio interior da Oficina de Turismo.

Unha boa ocasión para afondar na renovación creativa dunha compañías de todo o estado con máis crecente proxección exterior. Á entrevista que se pode atopar neste programa, sumamos un coloquio cos responsables da Agrupación Señor Serrano, que no mes de agosto recollerán o Premio León de Prata da Bienal de Venecia.



CURSO-OBRADOIRO CON MARCO LAYERA, DE LA RE-SENTIDA (Chile)

Casa da Cultura (do 21 ao 24 de xullo)
Horario: de 9:00h a 14:00h (20 horas)
Prezo do curso: 50€ (Asociados AAAG, Escena Galega ou estudantes da ESAD 50% de desconto)
Pagamento Matrícula:
ES23 2080 5332 8231 1002 5794-ABANCA
Título: Autoría e Liberdade Creativa en Escena

Descrición:

O seminario ten como obxectivo fomentar a experimentación e creatividade escénica ante a ausencia dun texto formal, explorando nos mundos subxectivos de cada participante, as súas experiencias inmediatas, os seus referentes, inquedanzas, necesidades e imaxinario. É aquí onde a memoria colectiva e individual se nos fará esencial, será a través dun recordo, dun anhelos, dunha posición ideolóxica ou dun prexuízo onde o participante descubrirá o feito teatral, para logo darlle a posibilidade de desenvolvelo libre e creativamente.

Neste sentido fomentárase o pensamento crítico e a contradición, trasladaranse as preguntas e respostas aos procesos intelectuais e artísticos propios de cada participante, non se imporán textos nin estéticas, estas xurdirán da real necesidade dos participantes, das súas biografías, individualidades e pulsos.

A improvisación é fundamental e parte da creación. O Workshop estará a cargo do director da compañía, Marco Layera, e dalgúns dos actores que desenvolven distintas actividades prácticas cos alumnos.

Marco Layera. Nace no ano 1978 en Santiago de Chile. Estudou Dereito na Universidade de Chile, onde traballou como axudante da



cátedra de filosofía e se especializou en Criminoloxía. A súa formación teatral realizouna no Teatro Escuela La Matriz e na Escuela Teatro Imagen. No ano 2008 funda a compañía La Re-sentida, da cal é director e coa que ten levado a escena os espectáculos “Simulacro”, “Tratando de hacer una obra que cambie el mundo” e “La imaginación del futuro”, participando con estes en diversos escenarios e festivais nacionais e internacionais, como Avignon ou o Festival Internacional New Drama da Schaubühne de Berlín, entre outros. Dirixiu procesos de investigación escénica con persoas de diferentes idades e condicións sociais, enmarcados nos proxectos “Elencos cidadáns” e “Laboratorios de montaje”. Tamén ten experiencia como docente en diversas escolas de teatro. Obtivo a distinción “Eugenio Guzmán” outorgada polo Festival para Directores Teatrais organizado pola Universidade de Chile, o recoñecemento a “Mellor montaje” no “Festival de Teatro Joven” organizado polo Teatro Municipal de las Condes, e foi nominado dúas veces ao premio “Altazor” na categoría de dirección.

ACTA DO PREMIO DE HONRA “ROBERTO VIDAL BOLAÑO”, CONCEDIDO POLA MIT RIBADAVIA AO MÉRITO NAS ARTES ESCÉNICAS

A distinción honorífica da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, na súa 31ª edición, vai destinada á Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas, Escena Galega.

A MIT destaca este ano 2015 o labor, o impulso e a constante traxectoria que solidifican no traballo asociativo e colaborativo desta institución representativa do sector profesional das Artes Escénicas de Galicia. Fortalecer e consolidar todos os axentes que constitúen a diversidade e a identidade do teatro galego son, dende o punto de vista deste festival, un mérito moi destacable e digno de asociar ao nome da insigne figura de Roberto Vidal Bolaño. Por ese motivo, con este Premio de Honra, que leva con orgullo o nome do noso gran dramaturgo da Xeración Abrente, a MIT quere distinguir a Escena Galega como unha das institucións que mellor evidencian o desexo de sumar esforzos cara o progreso e o ben común do sistema teatral galego.

O carácter aglutinador e heteroxéneo de todos os membros desta Asociación, sen dúbida unha das máis representativas organizacións do sector, converten a Escena Galega nunha fortalecida arma de defensa, re-construción e posta en valor da creación escénica galega e de todas as súas condicións nos principais ámbitos de innovación, produción e difusión. A análise contrastada, o entusiasmo e o liderado que supón a suma de voces, xeracións e compromisos comúns coa lingua, a cultura e a dignidade do oficio teatral, son un exemplo que esta Mostra quere poñer en evidencia, en valor e no lugar máis alto.



Neste sentido, ademais, a recente confluencia dun amplo número de compañías como novas integrantes desta plataforma, que a dota de meirande forza e lexitimidade, é un feito que non nos pode pasar desapercibido, pois amosa a vontade de non resignación e de xuntanza para tentar conquistar as demandas e cambios xustos e necesarios daquelas cuestións que atinxen directamente aos creadores, usuarios e mediadores no terreo das artes escénicas. A tenacidade de Escena Galega en momentos críticos, permitiu que o teatro fose visible e formase parte da noticia e do debate, que axudase a manter en pé, xunto a outras Asociacións e empresas, a máis importante feira intersectorial da cultura galega, Culturgal, ou que estivese presente na negociación de convenios colectivos fundamentais para a normalización e a regularización de todas as profesións asociadas ás artes escénicas e musicais.

Por todo isto, o Concello de Ribadavia concede este Premio de Honra en base á presente motivación proposta pola Dirección Artística da MIT, a día 18 de xullo de 2015, no acto inaugural da 31ª edición do festival, que tamén é berce e motor do teatro galego contemporáneo.



Título espectáculo: O florido pénsil

Nome compañía: Teatro do Vilar

Autoría: Andrés Sopena

Adaptación: Tanttaka Teatroa e Elena Seijo

Dirección: Elena Seijo

Intérpretes: Juan Carlos Fernández, Edmundo Araújo, Rafael Carrera, María García, Bea Cendón, Silvia Villar, Potes, Iago García, Manuela Estévez, Merchi Rodríguez, Elvira García, Ester Pumar.

Deseño espazo escénico, iluminación, son e caracterización:

Teatro do Vilar

Cartelería: Rosinha Rojo

Público recomendado: todos os públicos

Duración: 70 minutos

Apoio da MIT ao teatro de base. Teatro afeccionado de Ribadavia

Venres 17 de xullo /// 23.00h /// Auditorio do Castelo Off MIT

O FLORIDO PÉNSIL

Teatro do Vilar /// Galiza ///

Dende esta recreación en clave de humor da posguerra española, é dicir, da “escola nacional-católica” queremos revelarnos e divertirnos.

Presentar con ironía os desastres dunha metodoloxía tradicional, baseada no dogmatismo, na imposición da autoridade a través da disciplina e na adquisición rutineira dos coñecementos por memorización, sen permitir a máis mínima posibilidade de cuestionamento nin crítica.

Recrear esta escola e esta época na que o TEBEO era unha válvula de escape ante a represión. Propoñerlle ó público ben a lembranza nostálgica e inxenua ou a comprobación de que “non calquera tempo pasado foi mellor”.

O que faremos será, sen dúbida, volver ser nenos e nenas e tentar ser felices pase o que pase.

DIRECCIÓN: Roberto Pascual

RESPONSABLE DO SERVIZO DE VENDA DE ENTRADAS: Bea Domínguez Cendón

RESPONSABLE DE PERSOAL E CONTRATACIÓN: Fran Muñiz

RESPONSABLE DO SERVIZO DE PRENSA: Tere Rivela

PRODUCCIÓN E DESEÑO DE ESPAZOS: Diego Valeiras

RESPONSABLE DO SERVIZO WEB: Manuel Montesinos Miguélez

DESEÑO DO PROGRAMA: A&B Comunicación e Deseño

DESEÑO DO CARTEL: Diego Valeiras

FOTOGRAFÍA: Natasha Lelenco e Rosinha Rojo

DESEÑO PREMIO MIT: Manuel Rodríguez Alonso (Sampedro)

LOXÍSTICA (ILUMINACIÓN E SON): RTA

MONTAXE: Saguay

VENDA DE ENTRADAS ON-LINE: Ataquilla

IMPRENTA: Rodi Artes Gráficas

AGRADECEMENTOS:

Nuria Montero Gullón, Radio Ecça, Fabrice Corrons, Belén Constenla, Inma López Silva, Afonso Becerra, Manuel Xestoso, Roberto Fratini, Xardinería Jesús (Maside), personal técnico do CDG, Alfredo Rodríguez, Paulo Rodríguez, Xosé Manuel Pereiro, Brais Fidalgo, Vanesa Sotelo, Xosé Carlos Sierra (director do Museo Etnolóxico de Ribadavia), Hugo Álvarez, César Fernández, Distribuciones Prol, OMIX Ribadavia, Concellaría de Cultura do Concello de Ourense, Teatro do Vilar, GRUMIR Ribadavia, Policía Local, Cruz Vermella, persoal do Concello, oficina de Turismo, voluntarios/as da MIT, benefactores e persoas que a título individual honran coa súa colaboración á MIT.



CO AGRADECIMENTO AO PATROCINIO DE:



COA COLABORACIÓN DE:





GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE EDUCACIÓN, CULTURA
Y DEPORTE

inaem

INSTITUTO NACIONAL DE
LAS ARTES Y LA INDUSTRIA



**XUNTA
DE GALICIA**

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais



**DEPUTACIÓN
OURENSE**



Concello de Ribadavia

mitribadavia.com

